Para cada un dos lotes, 12 e 16: No caso de que o licitador adxudicatario ofertase no criterio “Idade dos tractores desbrozadores con brazo”, o licitador deberá presentar a documentación acreditativa do ofertado (2 tractores desbrozadores con brazo con menos de 15 años para cada lote): ficha técnica dos tractores ou calquera outro documento válido que acredite o ofertado neste apartado (permiso de circulación do vehículo).

Lote 17: Servicios Agrícolas Moure S.L.
A licitadora presentou documentación acreditativa do esixido na cláusula 17 do PCAP.
Incorpórase, polo Servizo de contratación: carta de pago da garantía definitiva.
A Mesa de contratación, vista a documentación presentada e incorporada, acorda, por unanimidade dos seus integrantes:
Requirir a Servicios Agrícolas Moure S.L. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

1.- Certificación administrativa ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración da Deputación de Lugo, polo que acredite a circunstancia de non ter débedas tributarias en período executivo con esta.
2.- No caso de que o licitador adxudicatario ofertase no criterio "Idade dos tractores desbrozadores con brazo", o licitador deberá presentar a documentación acreditativa do ofertado (2 tractores desbrozadores con brazo con menos de 15 años para cada lote): ficha técnica dos tractores ou calquera outro documento válido que acredite o ofertado neste apartado (permiso de circulación do vehículo).

Lote 18: Transformaciones Agrarias Montero y Díaz S.L.
A licitadora presentou documentación acreditativa do esixido na cláusula 17 do PCAP.
Incorpórase, polo Servizo de contratación: acreditación do depósito de contas no rexistro mercantil e certificado de boa execución por importe de 34.895,83 euros.
A Mesa de contratación, vista a documentación presentada e incorporada, acorda, por unanimidade dos seus integrantes:
Requirir a Transformaciones agrarias Montero y Díaz S.L. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:
No caso de que o licitador adxudicatario ofertase no criterio "Idade dos tractores desbrozadores con brazo", o licitador deberá presentar a documentación acreditativa do ofertado (2 tractores desbrozadores con brazo con menos de 15 años para cada lote): ficha técnica dos tractores ou calquera outro documento válido que acredite o ofertado neste apartado (permiso de circulación do vehículo).

Lote 23: Eulen S.A.
A licitadora presentou documentación acreditativa do esixido na cláusula 17 do PCAP.
Incorpórase, polo Servizo de contratación: certificado de recadación da Deputación de Lugo e certificado do rexistro de contratistas da Xunta de Galicia.
A Mesa de contratación, vista a documentación presentada e incorporada, acorda, por unanimidade dos seus integrantes:
Requirir a Eulen S.A. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:
Non presenta escritura de apoderamento nin consta no ROLECE tenor literal do poder do asinante D. Carlos Carballo Manuel senón unicamente bastanteo para o Principado de Asturias, polo que deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado) por quen teña facultades para elo, e declaración responsable de que dito apoderamento segue vixente.
Significándolles aos licitadores que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente os requirimentos no prazo

sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.
Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

Terceiro.- En canto os Lotes 8, 10, 13, 14 e 21, tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar ás empresas que se relacionan no cadro seguinte a contratación dos lotes 8, 10, 13, 14 e 21 da contratación do servizo de desbroce de maleza en carreteras provinciais, lotes 1 a 24, anualidades 2024-2025, expediente: 2024/CON_02/000008:

| LOTE | ADXUDICATARIO | IMPORTE SEN IVE | IMPORTE CON IVE | IDADE DOS TRACTORES |
|---|---|---|---|---|
| Lote 8 | T. A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L. | 95.426,00 | 115.465,46 | 2 tractores desbrozadores con brazo con menos de 15 anos |
| Lote 10 | HORACIO ARIAS ALVAREZ | 78.246,28 | 94.678,00 | 1 tractor desbrozador con brazo con menos de 15 anos |
| Lote 13 | SERVITEC MEDIOAMBIENTE S.L | 105.878,03 | 128.112,41 | 1 tractor desbrozador con brazo con menos de 15 anos |
| Lote 14 | SERVITEC MEDIOAMBIENTE S.L | 93.473,18 | 113.102,55 | 1 tractor desbrozador con brazo con menos de 15 anos |
| Lote 21 | TRAFOBER, S.L | 99.205,00 | 120.038,05 | 2 tractores desbrozadores con brazo con máis de 15 anos |

A duración do contrato é de dous anos, con posibilidade de prórroga por un ano. O prazo máximo de execución será de 2,5 meses, contados a partir da sinatura da acta de inicio de cada anualidade, nos termos recollidos na cláusula 2.4 do PPT, que terá lugar entre maio e setembro de cada anualidade.


| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 20/96 |

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos."

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar ás empresas que se relacionan no cadro seguinte a contratación dos Lotes 8, 10, 13, 14 e 21 da contratación do servizo de desbroce de maleza en carreteras provinciais, lotes 1 a 24, anualidades 2024-2025, expediente: 2024/CON_02/000008:

| LOTE | ADXUDICATARIO | IMPORTE SEN IVE | IVE 21% | IMPORTE CON IVE | IDADE DOS TRACTORES |
|---|---|---|---|---|---|
| Lote 8 | T. A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L. | 95.426,00 | 20.039,46 | 115.465,46 | 2 tractores desbrozadores con brazo con menos de 15 anos |
| Lote 10 | HORACIO ARIAS ALVAREZ | 78.246,28 | 16.431,72 | 94.678,00 | 1 tractor desbrozador con brazo con menos de 15 anos |
| Lote 13 | SERVITEC MEDIOAMBIENTE S.L | 105.878,03 | 22.234,38 | 128.112,41 | 1 tractor desbrozador con brazo con menos de 15 anos |
| Lote 14 | SERVITEC MEDIOAMBIENTE S.L | 93.473,18 | 19.629,37 | 113.102,55 | 1 tractor desbrozador con brazo con menos de 15 anos |
| Lote 21 | TRAFOBER, S.L | 99.205,00 | 20.833,05 | 120.038,05 | 2 tractores desbrozadores con brazo con máis de 15 anos |

**2º.-** A distribución por anualidades é a seguinte:

| LOTE | Termo municipal | Anualidade 2024 | Anualidade 2025 |
|---|---|---|---|
| Lote 8 | Castro de Rei, Pol e Meira | 57.732,73 | 57.732,73 |
| Lote 10 | Castroverde e Corgo | 47.339,00 | 47.339,00 |
| Lote 13 | Ribeira de Piquín e Fonsagrada | 64.056,21 | 64.056,20 |
| Lote 14 | Negueira de Muñíz e Navia de Suarna | 56.551,28 | 56.551,27 |
| Lote 21 | Chantada e Carballedo | 60.019,03 | 60.019,02 |

Existe consignación na aplicación orzamentaria 4530.210 do orzamento de gastos do 2024, polas cantidades indicadas, para a anualidade 2024.
A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2025 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.

**3º.-** A duración do contrato é de dous anos, con posibilidade de prórroga por un ano. O prazo máximo de execución será de 2,5 meses, contados a partir da sinatura da acta


| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 21/96 |

de inicio de cada anualidade, nos termos recollidos na cláusula 2.4 do PPT, que terá lugar entre maio e setembro de cada anualidade.

**4º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**5º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**6º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- MODIFICACIÓN NÚMERO 7 DO CONTRATO BASEADO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA A DEPUTACIÓN DE LUGO A TRAVÉS DO ACORDO MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Responsable do Contrato de referencia e visto o informe xurídico, do seguinte tenor literal:

"*Antecedentes*.

Primeiro.- Na sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 26 de novembro de 2019, esta Deputación Provincial adoptou entre outros acordos, adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita Central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.


| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 22/96 |

Segundo.- A FEMP, a través da súa Central de Contratación licitou en beneficio dos seus asociados o Acordo Marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión con varios adxudicatarios e distribuído por lotes xeográficos, en base a uns Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCA) e uns Pregos de Prescricións Técnicas ( PPT). Dito Acordo Marco adxudicouse para os Lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 a Iberdrola Clientes, S.A.U, Endesa Enerxía, S.A.U. e Gas Natural Comercializadora, S.A. con data de 21 de maio de 2019, formalizándose o Acordo Marco o 17 de xuño de 2019. O lote que corresponde a esta entidade é o lote 1: Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco, Navarra, La Rioja e Castilla y León.
En dita licitación, a FEMP tivo en conta todos os requisitos e procedementos esixibles á contratación das Administracións Públicas.

Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 26 de Xuño do 2020, procedeuse a adxudicación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión a favor da empresa Gas Natural Comercializadora, S.A. con NIF A61797536. (EXP2020/CON_01/000013).
En virtude de dito acordo, a empresa adxudicataria comprometeuse a subministrar Enerxía Eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo, ata un importe máximo de 448.288,61 euros, aos que hai que engadir 94.140,61 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 542.429,22 euros.
A data de inicio do contrato é o 27 de xullo de 2020. A duración do mencionado contrato Baseado era de un ano, contemplándose a posibilidade de celebrar prórrogas. Poderán celebrarse ata un máximo de tres prórrogas, sendo a duración de cada unha delas de un ano, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas exceda de 4 anos.

Cuarto.- O contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión, foi obxecto de 6 modificacións.
5 Modificacións realizadas en virtude do artigo 204 da LCSP: Modificacións previstas nos pregos reitores:
O contrato foi modificado por primeira vez para incluír unha nova subministración, O Mercado de Nadal, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo con data 20 de novembro de 2020. Este modificado supuxo un incremento do prezo de adxudicación de 2.000,00 €, aos que haberá que engadir 420,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 2.420,00 € (IVE engadido), o que supón un incremento

dun 0,45 % sobre o prezo inicial do contrato baseado, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.
O contrato foi modificado por segunda vez para incluír dúas novas subministracións, O Taller da Pedra Begonte e A Residencia Ribas De Sil, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo con data 06 de febreiro de 2021. Este modificado supuxo un incremento do prezo de adxudicación de 6.000,00 €, aos que haberá que engadir 1.260,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 7.260,00 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 1,34 % sobre o prezo inicial do contrato mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.
O contrato foi modificado por terceira vez para incluír unha nova subministración, A Residencia de Meira, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo con data 16 de xullo de 2021. Este modificado supuxo un incremento do prezo de adxudicación de 14.520,89 €, aos que haberá que engadir 3.049,39 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 17.570,28 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 3,24 % sobre o prezo inicial do contrato baseado, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.
O contrato foi modificado por carta vez para incluír unha nova subministración, A Residencia de Becerreá, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo con data 19 de novembro de 2021. Este modificado supuxo un incremento do prezo de adxudicación de 14.520,89 €, aos que haberá que engadir 3.049,39 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 17.570,28 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 3,24 % sobre o prezo inicial do contrato baseado, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.
O contrato foi modificado por quinta vez para incluír unha nova subministración, a Residencia de Navia de Suarna, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo con data 18 de marzo de 2022. Este modificado supuxo un incremento do prezo de adxudicación de 14.520,89 €, aos que haberá que engadir 3.049,39 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 17.570,28 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 3,24 % sobre o prezo inicial do contrato baseadomantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.
O importe total das modificacións realizadas en virtude do artigo 204 da LCSP: Modificacións previstas nos pregos reitores é dun 11,51%.
1 Modificación realizadas en virtude do artigo 205 da LCSP: Modificacións non previstas nos pregos reitores:
O contrato foi modificado por sexta vez, para incrementar o prezo de adxudicación do contrato por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo con data 18 de novembro de 2022. Este modificado supuxo un incremento do prezo de adxudicación de 224.144,31 €, aos que haberá que engadir 47.070,30 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 271.214,61 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

O importe total das modificacións realizadas en virtude do artigo 205 da LCSP: Modificacións non previstas nos pregos reitores é dun 50%.
Polo tanto trala aprobación destes 6 modificados, o importe resultante do contrato pasa a ser de 723.995,59 €, aos que haberá que engadir 152.039,08 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 876.034,67 € (IVE engadido).

Quinto.- O contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión, foi prorrogado en 3 ocasións cumprindo co disposto nos pregos reitores do mesmo:
En data 24 de xuño de 2021, e mediante resolución da Presidencia da Deputación de Lugo, aprobouse a prórroga nº 1 de un ano de duración do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión (EXP2020/CON_01/000013).
En data 23 de xuño de 2022, e mediante resolución da Presidencia da Deputación de Lugo, aprobouse a prórroga nº 2 de un ano de duración do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión (EXP2020/CON_01/000013).
En data 08 de xuño de 2023, e mediante resolución da Presidencia da Deputación de Lugo, aprobouse a prórroga nº 3 de un ano de duración do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión (EXP2020/CON_01/000013), sendo esta a prórroga que está vixente actualmente. As condicións que rexen esta prórroga nº 3 son as seguintes:
A prórroga terá unha duración de un ano (dende o día 27 de xullo do 2023 ata o 26 de xullo do 2024), mantendo inalteradas, durante a prórroga, as condicións e obrigas contractuais tal e como se establece no PCA, a excepción da revisión de prezos prevista no mesmo.
Con respecto á subministración Eventual do Mercado de Nadal, as datas estimadas nas cales se prestará esta subministración eventual serán dende o día 22 de decembro de 2023 ata o 5 de xaneiro de 2024 (ambos incluídos)
O importe da prórroga ascende á cantidade de 723.995,59 €, aos que haberá que engadir 152.039,08 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 876.034,67 € (IVE engadido), de acordo co seguinte detalle:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 25/96 |

| SUBMINISTRACIÓN | | IMPORTE TOTAL (IVE INCLUÍDO) | IMPORTE ANUALIDADE 2023 (IVE INCLUÍDO) | IMPORTE ANUALIDADE 2024 (IVE INCLUÍDO) |
|---|---|---|---|---|
| ES0022000007659481BP1P | CLUB NÁUTICO BELESAR PRESA | 696,76 € | 348,38 € | 348,38 € |
| ES0033770095770001MF0F | APIARIO GRANJA (COLMENAR) | 750,00 € | 375,00 € | 375,00 € |
| ES0033770091375002WD0F | ESCUELA DE PIRAGÜISMO | 6.913,70 € | 3.456,85 € | 3.456,85 € |
| ES0033770593651001AF0F | ALUMBRADO PÚBLICO PENOUCOS | 262,76 € | 131,38 € | 131,38 € |
| ES0033770548328001DW0F | ESCOLA TALLER VILANOVA | 204,60 € | 102,30 € | 102,30 € |
| ES0033770594094001JG1P | ALUMBRADO PÚBLICO CHANCA | 222,78 € | 111,39 € | 111,39 € |
| ES0022000007915396YW1P | CLUB NÁUTICO BELESAR PUEBLO | 5.707,77 € | 3.000,00 € | 2.707,77 € |
| ES0033770065431001ZP0F | MUSEO DEL MAR | 11.327,64 € | 5.663,82 € | 5.663,82 € |
| ES0033770085658001KA0F | ALUMBRADO PÚBLICO FERVEDOIRA | 806,14 € | 403,07 € | 403,07 € |
| ES0022000004984646WG1P | MUSEO SAN PAIO DE NARLA | 25.000,00 € | 13.000,00 € | 12.000,00 € |
| ES0022000004899957TR1P | MUSEO PAZO DE TOR | 7.500,00 € | 4.000,00 € | 3.500,00 € |
| ES0033770092789001RZ0F | ANTIGÜO HOTEL MIÑO. TOLDA | 16.795,63 € | 9.000,00 € | 7.795,63 € |
| ES0033770082626001PR0F | PARQUE MÓVIL | 4.000,00 € | 2.000,00 € | 2.000,00 € |
| ES0033770084995001ZR0F | CENTRAD | 25.000,00 € | 15.000,00 € | 10.000,00 € |
| ES0033770588633001FD0F | MUSEO DE LA CESTERÍA | 5.578,02 € | 2.789,01 € | 2.789,01 € |
| ES0033770068343001PR0F | ESTACIÓN BOMBEO | 7.800,00 € | 6.500,00 € | 1.300,00 € |
| ES0033770092271013CD0F | DEPENDENCIAS PLAZA DE SANTO DOMINGO | 3.000,00 € | 2.166,22 € | 833,78 € |
| ES0033770092634001RB0F | MUSEO PROVINCIAL | 43.646,16 € | 24.000,00 € | 19.646,16 € |
| ES0022000008388536SD1P | ESCUELA DE CAZA Y PESCA TOR | 4.000,00 € | 2.250,00 € | 1.750,00 € |
| ES0033620000028907KZ0F | RESIDENCIA DE POL | 31.789,73 € | 16.000,00 € | 15.789,73 € |
| ES0033620000022982VT0F | RESIDENCIA DE TRABADA | 26.999,10 € | 14.000,00 € | 12.999,10 € |
| ES0033620000022372JB0F | RESIDENCIA DE A FONSAGRADA | 26.809,62 € | 14.000,00 € | 12.809,62 € |
| ES0022000009092527XQ1P | RESIDENCIA DE CASTROVERDE | 25.739,99 € | 13.000,00 € | 12.739,99 € |
| ES0022000009049519AH1P | RESIDENCIA DE PEDRAFITA | 17.570,28 € | 9.000,00 € | 8.570,28 € |
| ES0022000007670638JX1P | CLUB NÁUTICO AUGAS MESTAS | 4.690,66 € | 2.345,33 € | 2.345,33 € |
| ES0022000007983705DR1P | CLUB NÁUTICO DOADE | 9.702,50 € | 5.000,00 € | 4.702,50 € |
| ES0033770519015001YL0F | CENTRO DE INTERPRETACIÓN TERRAS DO MIÑO | 19.431,82 € | 10.000,00 € | 9.431,82 € |
| ES0022000008881399PM1P | MAZO DE SANTA COMBA | 20.000,00 € | 12.000,00 € | 8.000,00 € |
| ES0033770092263001VR0F | ESCOLA DE IMAXE E SON | 59.556,80 € | 30.000,00 € | 29.556,80 € |
| ES0033620000009027PY0F | GRANJA (CENTRO DE RECRÍA) | 140.542,46 € | 71.000,00 € | 69.542,46 € |
| ES0033770091779001HJ0F | PALACIO PROVINCIAL SAN MARCOS | 80.000,00 € | 42.000,00 € | 38.000,00 € |
| ES0033770082361001DF0F | PAZO DOS DEPORTES | 65.965,14 € | 33.000,00 € | 32.965,14 € |
| ES0033770088830001AG0F | HOGAR DE SANTA MARÍA | 50.000,00 € | 26.000,00 € | 24.000,00 € |
| ES0022000001308292XQ1P | RESIDENCIA RIBAS DE SIL | 23.898,60 € | 13.000,00 € | 10.898,60 € |
| ES0033770060787001HF0F | TALLER PIEDRA BEGONTE | 4.282,63 € | 2.500,00 € | 1.782,63 € |
| ES0033620000048359QP0F | RESIDENCIA MEIRA | 45.225,72 € | 25.000,00 € | 20.225,72 € |
| ES0022000001047552JG1P | RESIDENCIA BECERREA | 17.570,28 € | 10.000,00 € | 7.570,28 € |
| ES0033620000045040XR0F CUPS (NADAL) | EVENTUAL LUCES FERIA NAVIDAD | 2.420,00 € | 1.210,00 € | 1.210,00 € |
| ES0022000001318110TJ1P | RESIDENCIA NAVIA DE SUARNA | 34.627,38 € | 18.000,00 € | 16.627,38 € |
| TOTAL | | 876.034,67 € | 461.352,75 € | 414.681,92 € |

Lembrar que o Orzamento Base de Licitación da presente contratación, foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 26/96 |

A relación de puntos de subministración que actualmente forman parte do mencionado contrato baseado, recóllense na seguinte táboa:

| NÚMERO DE CUPS E DEPENDENCIA | DIRECCIÓN DA SUBMINISTRACIÓN | TARIFA DE ORIXEN | TARIFA DE DESTINO |
|---|---|---|---|
| ES0022000007659481BP1P CLUB NÁUTICO BELESAR PRESA | LG DE FONTEFIZ, PRESA DE BELESAR, CHANTADA (LUGO) | 2.0A | 2.0TD |
| ES0033770095770001MF0F APIARIO GRANJA (COLMENAR) | LG. DE COTILLÓN, TEIXEIRO, 27289, LUGO. | 2.0A | 2.0TD |
| ES0033770091375002WD0F ESCUELA DE PIRAGÜISMO | LUGAR DE SAAMASAS, S/N, 27004, LUGO | 2.0A | 2.0TD |
| ES0033770593651001AF0F ALUMBRADO PÚBLICO PENOUCOS | BARRIO PENOUCOS. LUGO | 2.0A | 2.0TD |
| ES0033770548328001DW0F ESCOLA TALLER VILANOVA | LG DE VILANOVA, BÓVEDA DE MERA SANTAL. LUGO | 2.0A | 2.0TD |
| ES0033770594094001JG1P ALUMBRADO PÚBLICO CHANCA | CHANCA, SN, LUGO | 2.0DHA | 2.0TD |
| ES0022000007915396YW1P CLUB NÁUTICO BELESAR PUEBLO | BELESAR, O SAVIÑAO | 2.1A | 2.0TD |
| ES0033770065431001ZP0F MUSEO DEL MAR | AVDA. DA MARIÑA, S/N, 27890, SAN CIBRAO, CERVO | 2.1A | 2.0TD |
| ES0033770085658001KA0F ALUMBRADO PÚBLICO FERVEDOIRA | FERVEDOIRA. LUGO | 2.1A | 2.0TD |
| ES0022000004984646WG1P MUSEO SAN PAIO DE NARLA | LUGAR DE A CASTRONELA, S/N, 27227, XIA-FRIOL | 3.0A | 3.0TD |
| ES0022000004899957TR1P MUSEO PAZO DE TOR | SAN XOAN DE TOR, S/N, 27591, MONFORTE DE LEMOS | 3.0A | 3.0TD |
| ES0033770092789001RZ0F ANTIGÜO HOTEL MIÑO. TOLDA | TOLDA DE CASTELA, Nº4, 27002, LUGO | 3.0A | 3.0TD |
| ES0033770082626001PR0F PARQUE MÓVIL | RUA DO ARCO, N.º 15, 27001 | 3.0A | 3.0TD |
| ES0033770084995001ZR0F CENTRAD | Chantada, s/n (Travesía) – 27004. Lugo | 3.0A | 3.0TD |
| ES0033770588633001FD0F MUSEO DE LA CESTERÍA | PASEO DO RIO RATO, NÚM 25-29, SAN FIZ DE MUXA, 27169, LUGO | 3.0A | 3.0TD |
| ES0033770068343001PR0F ESTACIÓN BOMBEO | CL ESCANABADA, 27377, XUSTAS (COSPEITO) | 3.0A | 3.0TD |
| ES0033770092271013CD0F DEPENDENCIAS PLAZA DE SANTO DOMINGO | PRAZA DE SANTO DOMINGO, Nº6-8, 27001, LUGO | 3.0A | 3.0TD |
| ES0033770092634001RB0F MUSEO PROVINCIAL | PRAZA DA SOIDADE, Nº 7, 27001, LUGO | 3.0A | 3.0TD |
| ES0022000008388536SD1P ESCUELA DE CAZA Y PESCA TOR | SAN XOAN DE TOR, S/N, 27591, MONFORTE DE LEMOS | 3.0A | 3.0TD |
| ES0033620000028907KZ0F RESIDENCIA DE POL | LEIRO DE RIELO, 27270, POL | 3.0A | 3.0TD |
| ES0033620000022982VT0F RESIDENCIA DE TRABADA | RUA CELSO CURRAS LÓPEZ, 11, 27765, TRABADA | 3.0A | 3.0TD |
| ES0033620000022372JB0F RESIDENCIA DE A FONSAGRADA | RUA PARQUE, 11, 27100, A FONSAGRADA | 3.0A | 3.0TD |
| ES0022000009092527XQ1P RESIDENCIA DE CASTROVERDE | RÚA ALCALDE XETAS Nº 11, 27120 CASTROVERDE | 3.0A | 3.0TD |
| ES0022000009049519AH1P RESIDENCIA DE PEDRAFITA | AVENIDA DE CASTILLA Nº 20, 27670, PEDRAFITA DO CEBREIRO | 3.0A | 3.0TD |
| ES0022000007670638JX1P CLUB NÁUTICO AUGAS MESTAS | LG ALDEA COVAS, 27391, AUGASMESTAS-QUIROGA | 3.1A | 6.1TD |
| ES0022000007983705DR1P CLUB NÁUTICO DOADE | CARRETERA LU-903, S/N, MONFORTE DE LEMOS | 3.1A | 6.1TD |
| ES0033770519015001YL0F CENTRO DE INTERPRETACIÓN TERRAS DO MIÑO | PASEO DO RIO RATO, SAN FIZ DE MUXA, 27002, LUGO | 3.1A | 6.1TD |
| ES0022000008881399PM1P MAZO DE SANTA COMBA | SANTA COMBA, S/N, 27002, NADELA, LUGO | 3.1A | 6.1TD |
| ES0033770092263001VR0F ESCOLA DE IMAXE E SON | RUA FRAI PLACIDO REI LEMOS, S/N, 27004, LUGO | 3.1A | 6.1TD |

| NÚMERO DE CUPS E DEPENDENCIA | DIRECCIÓN DA SUBMINISTRACIÓN | TARIFA DE ORIXEN | TARIFA DE DESTINO |
|---|---|---|---|
| ES0033620000009027PY0F GRANJA (CENTRO DE RECRÍA) | AVDA. TERRA CHA, S/N, 27260 CASTRO RIBERAS DE LEA | 3.1A | 6.1TD |
| ES0033770091779001HJ0F PALACIO PROVINCIAL SAN MARCOS | PLAZA DE SAN MARCOS, Nº 8, 27001, LUGO | 3.1A | 6.1TD |
| ES0033770082361001DF0F PAZO DOS DEPORTES | AVDA. FILARMÓNICA LUCENSE, S/N, 27002, LUGO | 3.1A | 6.1TD |
| ES0033770088830001AG0F HOGAR DE SANTA MARÍA | RONDA DA MURALLA, Nº141, 27004, LUGO | 3.1A | 6.1TD |
| ES0022000001308292XQ1P RESIDENCIA RIBAS DE SIL | RÚA ANTONIO PEDROSA 38 SAN CLODIO 27310 RIBAS DE SIL. | 3.0A | 3.0TD |
| ES0033770060787001HFOF TALLER DA PEDRA DE BEGONTE | LUG MARCO (CARRAL) POL IND 27372 BEGONTE-LUGO | 3.1A | 6.1TD |
| ES0033620000048359QP0F RESIDENCIA MEIRA | GRUPO ESCOLAR,15,B,GERIATRICO,MEIRA(MEIRA STA MARIA),27240 | | 3.0TD |
| ES0022000001047552JG1P RESIDENCIA BECERREA | ANCARES 3, T, OD, OS, 27640, BECERREA, LUGO | | 3.0TD |
| ES0033620000045040XR0F EVENTUAL LUCES FERIA NAVIDAD | Praza de San Marcos 27001 LUGO | 3.0A | 3.0TD |
| ES0022000001318110TJ1P RESIDENCIA NAVIA DE SUARNA | AVD GALICIA, 0140 AS IL O - LUGO, NAVIA DE SUARNA, A PROBA NAVIA -STA.M.MADANELA- (27650) | | 3.0TD |

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2024 as cantidades indicadas, na aplicación correspondente.

Aprobar a revisión de prezos presentada pola empresa adxudicataria con data 03 de maio de 2023, sendo o importe dos prezos revisados a aplicar o seguinte:

**PRECIO REVISADO**

| Lote 1 | TE1 | TE2 | TE3 | TE4 | TE5 | TE6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2.0A | 0,2655 | | | | | |
| 2.0DHA | 0,2842 | 0,21 | | | | |
| 2.0DHS | 0,2851 | 0,2208 | 0,1991 | | | |
| 2.1A | 0,2788 | | | | | |
| 2.1DHA | 0,2968 | 0,221 | | | | |
| 2.1DHS | 0,2976 | 0,2357 | 0,2048 | | | |
| 3.0A | 0,2467 | 0,2343 | 0,2111 | | | |
| AP2.0DHA | 0,2843 | 0,21 | | | | |
| AP2.1DHA | 0,2968 | 0,221 | | | | |
| AP3.0A | 0,2466 | 0,2343 | 0,2111 | | | |
| 3.1A | 0,2215 | 0,2154 | 0,1984 | | | |
| 6.1 | 0,2383 | 0,2278 | 0,2103 | 0,2033 | 0,1998 | 0,1949 |


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 28/96 |

**ANEXO: PRECIOS BAJO CIRCULAR 3/2020**

| Precios Bajo Circular 3/2020 Conversión pactada con FEMP | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Tarifa Origen | Tarifa Destino | TE1 | TE2 | TE3 | TE4 | TE5 | TE6 |
| 2.0A | 2.0TD | 0,2933 | 0,1928 | 0,1406 | | | |
| 2.0DHA | 2.0TD | 0,2908 | 0,1919 | 0,1403 | | | |
| 2.0DHS | 2.0TD | 0,29 | 0,1889 | 0,1427 | | | |
| 2.1A | 2.0TD | 0,2933 | 0,1928 | 0,1405 | | | |
| 2.1DHA | 2.0TD | 0,2909 | 0,1919 | 0,1403 | | | |
| 2.1DHS | 2.0TD | 0,2899 | 0,1889 | 0,1427 | | | |
| 3.0A | 3.0TD | 0,2449 | 0,2166 | 0,1718 | 0,1634 | 0,1521 | 0,1399 |
| AP2.0DHA | 2.0TD | 0,2908 | 0,1919 | 0,1403 | | | |
| AP2.1DHA | 2.0TD | 0,2909 | 0,1919 | 0,1403 | | | |
| AP3.0A | 3.0TD | 0,2449 | 0,2166 | 0,1718 | 0,1634 | 0,1521 | 0,1399 |
| 3.1A | 6.1TD | 0,1998 | 0,1785 | 0,1464 | 0,1427 | 0,1336 | 0,1289 |
| 6.1A | 6.1TD | 0,1952 | 0,1782 | 0,1515 | 0,1422 | 0,1292 | 0,1293 |

**VARIACIONES APLICABLES POR TARIFA Y TRAMO HORARIO AL PRECIO OFERTADO INICIALMENTE. (SEGÚN ACUMULADO DE LAS REVISIONES TRIMESTRALES APLICADAS AL ACUERDO MARCO)**

| LOTES 1-5 | TE1 | TE2 | TE3 | TE4 | TE5 | TE6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2.0A | -0,0718 | | | | | |
| 2.0DHA | -0,0716 | -0,0699 | | | | |
| 2.0DHS | -0,0717 | -0,0721 | -0,0686 | | | |
| 2.1A | -0,0718 | | | | | |
| 2.1DHA | -0,0716 | -0,0699 | | | | |
| 2.1DHS | -0,0717 | -0,0721 | -0,0686 | | | |
| 3.0A | -0,0716 | -0,0718 | -0,0705 | | | |
| AP2.0DHA | -0,0716 | -0,0699 | | | | |
| AP2.1DHA | -0,0716 | -0,0699 | | | | |
| AP3.0A | -0,0716 | -0,0718 | -0,0705 | | | |
| 3.1A | -0,0654 | -0,0656 | -0,0653 | | | |
| 6.1 | -0,0656 | -0,0661 | -0,0653 | -0,0656 | -0,0648 | -0,0656 |

Sexto.- En relación á subministración obxecto do presente informe, Alumeado público do parque empresarial de Paradela:
A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión celebrada o 14.01.2011, acordou remitir á Sociedade Urbanística Provincial de Lugo S.A. o proxecto da obra de "PARADELA.-Acceso ao parque empresarial" para ser tramitado o expediente de contratación correspondente, conxuntamente co desenvolvemento urbanístico e urbanización de terreos. Durante a fase de execución deste proxecto instalouse un alumeado público en dito Parque Empresarial, que na actualidade presenta deficiencias que impiden a súa posta en marcha, tal e cómo fai constar o Concello de Paradela en escrito presentado con data 21.02.2022 e número de rexistro 2022RPE002853. Para a posta en marcha do alumeado público do Parque Empresarial de Paradela, aos efectos de proceder en última instancia á entrega das

obras do Polígono Industrial ao Concello de Paradela con data 20 de marzo de 2023 foi adxudicada a seguinte contratación: "Subsanación de deficiencias no alumeado público do parque empresarial de Paradela (2023/CM2_04/000179)". Para que as luminarias instaladas en dito contrato poidan funcionar, é preciso dar de alta o subministro do alumeado público do parque empresarial de Paradela a través do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), posto que este é o contrato eléctrico vixente na Deputación de Lugo.

*Consideracións xurídicas.*

Primeira.- A D.T 1ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, di: "1. Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexeranse pola normativa anterior. A estes efectos entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados sen publicidade, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.
2. Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior."
En consecuencia cabe interpretar que á presente adxudicación resulta de aplicación a Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, ao adxudicarse o contrato baseado estando vixente esta norma.

Segunda.- A adxudicación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión (EXP2020/CON_01/000013), realizouse conforme ao disposto no Acordo Marco para a subministración de enerxía eléctrica e aos pregos de cláusulas administrativas particulares (en diante PCA) e de prescricións técnicas (en diante PPT) de dito Acordo Marco, que rexeron a súa licitación, tras a adhesión á Central de Contratación por parte da Deputación de Lugo na sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 26 de novembro de 2019.
A execución e resolución do contrato baseado supedítase ao disposto no Acordo Marco para a prestación da subministración de enerxía eléctrica da Central de Contratación e nos PCA e PPT que rexeron a licitación deste Acordo Marco, así como ao disposto pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP) e, en


| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 30/96 |

canto non se opoña, ao disposto polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Supletoriamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado. Así mesmo, será de aplicación ao Acordo Marco e aos Contratos baseados no mesmo, a normativa sectorial vixente en cada momento.

Terceira.- Por Resolución de Presidencia de data 13-05-2021 se nomeou a Jose Antonio Arias Lombardero Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá como responsable (Titular) de este contrato.

O Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá, Jose Antonio Arias Lombardero, coa conformidade do Deputado de Promoción Económica e Social, mediante informe que obra no expediente, solicita que se realicen os trámites oportunos para aprobar a modificación número 7 do contrato baseado sinalado por importe de 1.658,66 €, aos que haberá que engadir 348,32 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 2.006,98 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. En dito documento, infórmase favorablemente a adxudicación do modificado número 7 en favor da empresa adxudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A, con NIF A61797536, de acordo cos seguintes extremos:

a) O obxecto da modificación a realizar é incluír unha nova subministración no contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), a cal ten os seguintes datos técnicos:

| SUBMINISTRACIÓN | DIRECCIÓN | POTENCIA | TARIFA |
|---|---|---|---|
| Alumeado público do parque empresarial de Paradela | PS. SECTOR A, PARADELA, LUGO | 11,09 kw | 2.0TD |

b) O prezo do contrato baseado tras a modificación a realizar, sería de 725.654,25 €, aos que haberá que engadir 152.387,39 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 878.041,64 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 0,37 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído).

A data estimada prevista para o inicio desta subministración a través do contrato eléctrico da Deputación de Lugo é o 31 de maio de 2024, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos que é preciso realizar. A estimación do gasto previsto para esta subministración desde a data na que se inicie

ata o 26 de xullo de 2024 (data na que finaliza a prórroga actual a cal por ser a derradeira tamén marca a data de remate do contrato baseado), é a seguinte:

| SUBMINISTRACIÓN | IMPORTE TOTAL SEN IVE | IVE | IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO) | ANUALIDADE 2024 (IVE ENGADIDO) |
|---|---|---|---|---|
| Alumeado público do parque empresarial de Paradela | 1.658,66 € | 348,32 € | 2.006,98 € | 2.006,98 € |

O importe do gasto para esta subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

A adxudicataria ademais deberá ter en conta que na cláusula 21.3 do mencionado PCA se indica que este novo punto de subministración ordinario pasará a formar parte do contrato baseado cos prezos e contidos que nel se establecen.

En virtude da resolución de Presidencia del 08 de xuño de 2023 os prezos unitarios que rexerán esta nova subministracións se resumen na seguinte táboa:

**ANEXO: PRECIOS BAJO CIRCULAR 3/2020**

| Precios Bajo Circular 3/2020 Conversión pactada con FEMP | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Tarifa Origen | Tarifa Destino | TE1 | TE2 | TE3 | TE4 | TE5 | TE6 |
| 2.0A | 2.0TD | 0,2933 | 0,1928 | 0,1406 | | | |
| 2.0DHA | 2.0TD | 0,2908 | 0,1919 | 0,1403 | | | |
| 2.0DHS | 2.0TD | 0,29 | 0,1889 | 0,1427 | | | |
| 2.1A | 2.0TD | 0,2933 | 0,1928 | 0,1405 | | | |
| 2.1DHA | 2.0TD | 0,2909 | 0,1919 | 0,1403 | | | |
| 2.1DHS | 2.0TD | 0,2899 | 0,1889 | 0,1427 | | | |
| 3.0A | 3.0TD | 0,2449 | 0,2166 | 0,1718 | 0,1634 | 0,1521 | 0,1399 |
| AP2.0DHA | 2.0TD | 0,2908 | 0,1919 | 0,1403 | | | |
| AP2.1DHA | 2.0TD | 0,2909 | 0,1919 | 0,1403 | | | |
| AP3.0A | 3.0TD | 0,2449 | 0,2166 | 0,1718 | 0,1634 | 0,1521 | 0,1399 |
| 3.1A | 6.1TD | 0,1998 | 0,1785 | 0,1464 | 0,1427 | 0,1336 | 0,1289 |
| 6.1A | 6.1TD | 0,1952 | 0,1782 | 0,1515 | 0,1422 | 0,1292 | 0,1293 |

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación. En virtude da Resolución de presidencia de data 08 de xuño de 2023 pola que se aproba a terceira e


| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 32/96 |

derradeira prórroga do contrato, a data de finalización do mesmo é o 26 de xullo de 2024.

Cuarta.- No que respecta ao procedemento a seguir para proceder á modificación número 7 do contrato baseado e incluír a nova subministración descrita na consideración anterior, compre acudir ao sinalado ao respecto tanto no PCA do Acordo Marco como na LCSP:
a) A Cláusula 23 do PCA do Acordo Marco (prerrogativas dos entes locais, réxime de invalidez, réxime de recursos e xurisdición competente), punto 1 (Prerrogativas da Administración), establece que "O Órgano de contratación de cada Entidade Local terá a prerrogativa de interpretar os Contratos baseados, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalos, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta en virtude do artigo 190 e seguintes da LCSP".
Por outra banda, a cláusula 21.3 do mencionado PCA (Execución e cumprimento dos contratos baseados) sinala textualmente: "El Contratista estará obligado a suministrar electricidad a aquellos nuevos puntos de suministro ordinarios (no eventuales o de temporada) no incluidos en el Documento de Invitación que sean solicitados por las Entidades Locales siempre que supongan, como máximo, un incremento del 20% respecto del precio que representasen los puntos de suministro incluidos en el Documento de Invitación, ajustándose a lo dispuesto en el art 204.1 de la LCSP. Estos nuevos puntos de suministro pasarán a formar parte del Contrato basado con los precios y contenidos que en él se establecen. A estos efectos será necesario que la Entidad Local incorpore al expediente generado en la Plataforma de Contratación de la FEMP la comunicación que ésta realice a la adjudicataria del Contrato basado en la que se solicite esta ampliación de puntos de suministro, con expresa indicación de lo que ésta supone sobre lo ya contratado."
Respecto desta cuestión, no informe do Responsable do Contrato no que se solicita o modificado número 7, indícase expresamente;
"Sinalar a este respecto que a subministración que se pretende introducir no contrato, non estaba prevista no documento de invitación enviado as empresas adxudicatarias do Acordo Marco, posto que naquel momento se descoñecía a existencia da necesidade de dita subministración.."
b) Pola súa banda, o artigo 190 da LCSP exprésase en termos similares ao sinalar que "Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público"
A continuación, no artigo 191.1 da LCSP establécese que "Nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos ás prerrogativas establecidas no artigo anterior, deberá darse audiencia ao contratista". A este respecto, indicar que, a pesar

de estar prevista no PCA á modificación do contrato baseado para incluír altas ordinarias, obra no expediente documento de conformidade co inicio do expediente de modificación do presente contrato baseado nos termos indicados na consideración terceira, asinado pola adxudicataria de dito contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., en virtude do cal, entendese cumprido o trámite de audiencia ao contratista ao que se refire o artigo 191.1 da LCSP.
c) Ao ser esta unha modificación dun contrato baseado nun acordo marco, resulta tamén de aplicación o previsto no Artigo 222 da LCSP, relativo á Modificación dos Acordos Marco marco e dos Contratos Baseados nun Acordo Marco, que no seu apartado primeiro sinala o seguinte:
"Os acordos marco e os contratos baseados poderán ser modificados de acordo coas regras xerais de modificación dos contratos. En todo caso, non se poderán introducir por contrato baseado modificacións substanciais respecto do establecido no acordo marco.
Os prezos unitarios resultantes da modificación do acordo marco non poderán superar nun 20 por cento aos prezos anteriores á modificación e en ningún caso poderán ser prezos superiores aos que as empresas parte do acordo marco ofrezan no mercado para os mesmos produtos."
A este respecto no informe asinado polo Responsable do contrato baseado establécese o seguinte:
"En relación a primeira cuestión indicar que a modificación do contrato baseado que se pretende realizar para introducir a subministración descrita na consideración terceira do presente informe, non supón unha modificación substancial respecto do establecido no Acordo Marco. Trátase dunha nova subministración, que será realizada nas mesmas condicións que as que forman parte da contratación, respectando o indicado nos Pregos Reitores do mesmo.
No que respecta a segunda das cuestións sinaladas no artigo 221.1 da LCSP, procede indicar que os prezos unitarios que se aplicarán na subministración que resulten da modificación do contrato baseado, serán os aprobados por Resolución da Presidencia do 08 de Xuño de 2023 (tarifa 2.0TD) e que polo tanto tamén se cumpre co indicado neste punto."
Á vista do exposto cúmprese o sinalado no artigo 222 da LCSP.

Quinta.-As regras xerais de modificación dos contratos regúlanse nos artigos 203 e seguintes da LCSP.
1. Respecto da potestade de modificación do contrato, o apartado 1 do artigo 203 da LCSP sinala que "os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nesta Subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207."
Pola súa banda o apartado segundo do mencionado artigo 203 dispón que "os


| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 34/96 |

contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:
a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;
b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205."
Respecto da primeira cuestión sinalar que motívase a concorrencia de interese público na modificación número 7 do contrato baseado que se pretende realizar pola necesidade de proporcionar subministración de enerxía no Alumeado Público do Parque empresarial de Paradela. Tal instalación depende da Deputación de Lugo, polo tanto, a subministración eléctrica do mesmo deberá facerse a través do referenciado contrato eléctrico da Deputación de Lugo.
Indicar tamén que, tendo en conta que como no PCA do Acordo Marco están previstas expresamente as modificacións dos contratos baseados para incluír novas subministracións de carácter ordinario nos termos que se establecen no artigo 204 da LCSP, hai que acudir ao sinalado no artigo 204 da LCSP para o análise das condicións e requisitos precisos para a súa realización.
2. O Artigo 204 da LCSP, establece textualmente:
"1. Os contratos das Administracións Públicas poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares se advertira expresamente desta posibilidade, na forma e co contido seguintes:
a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
b) Así mesmo, no que respecta a o seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente: o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso da mesma por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva; e o procedemento que haxa de seguirse para realizar a modificación. A cláusula de modificación establecerá, así mesmo, que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
A formulación e contido da cláusula de modificación deberá ser tal que en todo caso permita aos candidatos e licitadores comprender o seu alcance exacto e interpretala da mesma forma e que, por outra banda, permita ao órgano de contratación comprobar efectivamente o cumprimento por parte dos primeiros das condicións de aptitude esixidas e valorar correctamente as ofertas presentadas por estes.
En ningún caso os órganos de contratación poderán prever no prego de cláusulas administrativas particulares modificacións que poidan alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera esta se se substitúen as obras,

as subministracións ou os servizos que se van a adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.”

No informe do Responsable do contrato baseado xustifícase o cumprimento dos requisitos do artigo 204 da LCSP nos seguintes termos:

“No que respecta á porcentaxe máxima de modificación indicada no apartado 1 do artigo 204 da LCSP, para calcular o incremento sobre o prezo inicial do contrato baseado que supón a modificación número 7 a realizar, hai que acudir ao seu prezo de adxudicación. O prezo de adxudicación do contrato baseado ascendeu a 542.429,22 euros. Este importe inclúe 94.140,61 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; cantidade que se engade aos 448.288,61 euros de base. Este último importe sen considerar o IVE, será o que se tome como referencia aos efectos de calcular a porcentaxe de incremento que supón sobre o seu prezo inicial a modificación do contrato baseado que se pretende realizar.

Tamén debemos ter en conta que como xa se indicou anteriormente o contrato sufriu as seguintes modificacións:

5 Modificacións realizadas en virtude do artigo 204 da LCSP: Modificacións previstas nos pregos reitores:

Modificado Número 1: para incluír unha nova subministración, O Mercado de Nadal, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo con data 20 de novembro de 2020. Este modificado supuxo un incremento do prezo de adxudicación de 2.000,00 €, aos que haberá que engadir 420,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 2.420,00 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 0,45 % sobre o prezo inicial do contrato baseado, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Modificado Número 2: para incluír dúas novas subministracións, O Taller da Pedra Begonte e A Residencia Ribas De Sil, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo con data 06 de febreiro de 2021. Este modificado supuxo un incremento do prezo de adxudicación de 6.000,00 €, aos que haberá que engadir 1.260,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 7.260,00 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 1,34 % sobre o prezo inicial do contrato mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Modificado Número 3: para incluír unha nova subministración, a Residencia de Meira, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo con data 16 de xullo de 2021. Este modificado supuxo un incremento do prezo de adxudicación de 14.520,89 €, aos que haberá que engadir 3.049,39 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 17.570,28 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 3,24 % sobre o prezo inicial do contrato baseado, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Modificado Número 4: para incluír unha nova subministración, A Residencia de Becerreá, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo con data 19 de novembro de 2021. Este modificado supuxo un incremento do prezo de adxudicación de 14.520,89 €, aos que haberá que engadir 3.049,39 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 17.570,28 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 3,24 % sobre o prezo inicial do contrato baseado, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.
Modificado Número 5: para incluír unha nova subministración, A Residencia de Navia de Suarna, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo con data 18 de marzo de 2022. Este modificado supuxo un incremento do prezo de adxudicación de 14.520,89 €, aos que haberá que engadir 3.049,39 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 17.570,28 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 3,24 % sobre o prezo inicial do contrato baseadomantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.
O importe total das modificacións realizadas en virtude do artigo 204 da LCSP: Modificacións previstas nos pregos reitores é dun 11,51%.
Polo tanto, e tendo en conta que o gasto que se estima para esta subministración é de 1.658,66 euros (IVE excluído), a modificación número 7 do contrato baseado que se pretende realizar supón un incremento dun 0,37 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído). A suma dos modificados número: 1, 2, 3, 4, 5,e 7, que son aqueles afectados polo artigo 204 da LCSP, supoñen un incremento dun 11,88 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído), non superando por tanto a suma das 5 modificacións xa realizadas e esta o 20 % do seu prezo inicial (IVE excluído), co que se cumpre co indicado no artigo 204 da LCSP.
1 Modificación realizadas en virtude do artigo 205 da LCSP: Modificacións non previstas nos pregos reitores, non afecta ao límite indicado no apartado anterior, ao non realizarse a través do artigo 204 da LCSP
Modificado Número 6: para incrementar o prezo de adxudicación do contrato por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo con data 18 de novembro de 2022. Este modificado supuxo un incremento do prezo de adxudicación de 224.144,31 €, aos que haberá que engadir 47.070,30 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 271.214,61 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. O importe total das modificacións realizadas en virtude do artigo 205 da LCSP: Modificacións non previstas nos pregos reitores é dun 50%.
Por outra banda, cúmprese tamén coa previsión sinalada nas letras a) e b) do apartado 1 do artigo 204 da LCSP, xa que como se indicou anteriormente a modificación está prevista na cláusula 21.3 PCA do Acordo Marco de forma clara, precisa e inequívoca.
Respecto do sinalado no apartado 2 do artigo 204 da LCSP, sinalar que a modificación número 7 que se pretende realizar non altera de ningún modo a natureza global do

contrato inicial, que non é outra que a subministración de enerxía eléctrica na Deputación de Lugo. A finalidade da modificación do contrato baseado, responde á necesidade de realizar unha subministración ordinaria de enerxía eléctrica para a entidade provincial que non implica a substitución das subministracións que se realizan por outras diferentes e que como xa se indicou anteriormente na análise do artigo 222 da LCSP, está claramente incluída no obxecto do contrato."

A vista do exposto enténdese xustificada a modificación número 7 do contrato baseado que se pretende realizar ao cumprir os requisitos esixidos polo artigo 204 da LCSP, aplicable neste suposto.

3. Para a realización da modificación número 7 que se pretende hai que ter en conta tamén, o previsto no artigo 207.1 da LCSP ónde se establece que "No caso previsto no artigo 204 as modificacións contractuais acordaranse na forma que se especificou nos pregos de cláusulas administrativas particulares".
Sobre este particular no informe do Responsable do contrato mencionado sinálase que "A este respecto como xa se indicou, a cláusula 21.3 do PCA do Acordo Marco sinala a obrigatoriedade para a adxudicataria de subministrar electricidade nestes novos puntos de subministración ordinarios cando lle sexan solicitados, sempre que supoñan, como máximo, un incremento do 20% respecto do prezo que representasen os puntos de subministración incluídos no Documento de Invitación. Pese a esta obrigatoriedade para a adxudicataria, obra no expediente documento de conformidade da adxudicataria coa modificación que se pretende realizar. Nese mesmo artigo tamén se indica a obrigatoriedade de que a Deputación de Lugo incorpore no expediente xerado na Plataforma de Contratación da FEMP a comunicación que realicemos á adxudicataria do Contrato Baseado. Nela figurará ademais da solicitude de ampliación dos puntos de subministración, a expresa indicación do que esta supón sobre o xa contratado...". A vista do exposto enténdese tamén cumprido este extremo.

4. Indicar, ademais, que na modificación número 7 que se pretende realizar, non será preceptivo ditame do Consello de Estado ou Órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, en virtude do indicado no artigo 191.3 b) na LCSP "Las modificaciones de los contratos cuando no estuvieran previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares y su cuantía, aislada o conjuntamente, sea superior a un 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido, y su precio sea igual o superior a 6.000.000 de euros", posto que como xa se indicou, esta modificación está prevista no PCA do Acordo Marco.

5. Respecto das obrigas do adxudicatario sinalar que, o mesmo deberá estar ao disposto na cláusula 21.3 do PCA do acordo marco: (Execución e cumprimento dos contratos baseados) sinala textualmente: "El Contratista estará obligado a suministrar electricidad a aquellos nuevos puntos de suministro ordinarios (no eventuales o de temporada) no incluidos en el Documento de Invitación que sean solicitados por las Entidades Locales siempre que supongan, como máximo, un incremento del 20% respecto del precio que representasen los puntos de suministro incluidos en el Documento de Invitación, ajustándose a lo dispuesto en el art 204.1 de la LCSP. Estos nuevos puntos de suministro pasarán a formar parte del Contrato basado con los precios y contenidos que en él se establecen. A estos efectos será necesario que la Entidad Local incorpore al expediente generado en la Plataforma de Contratación de la FEMP la comunicación que ésta realice a la adjudicataria del Contrato basado en la que se solicite esta ampliación de puntos de suministro, con expresa indicación de lo que ésta supone sobre lo ya contratado."

6. Por tratarse dun contrato de subministración suxeito a regulación harmonizada (o valor estimado do mesmo é de 2.151.785,33 euros), hai que cumprir co indicado no artigo 207.3 da LCSP "Los órganos de contratación que hubieran modificado un contrato que esté sujeto a regulación armonizada, a excepción de los contratos de servicios y de concesión de servicios enumerados en el anexo IV, en los casos previstos en las letras a) y b) del apartado 2 del artículo 205 deberán publicar en el «Diario Oficial de la Unión Europea» el correspondiente anuncio de modificación conforme a lo establecido en esta Ley".
Tamén é de aplicación o seguinte apartado, recollido nese mesmo artigo: "Asimismo los órganos de contratación que hubieren modificado un contrato durante su vigencia, con independencia de si este está o no sujeto a regulación armonizada y de la causa que justifique la modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación en el perfil de contratante del órgano de contratación en el plazo de 5 días desde la aprobación de la misma, que deberá ir acompañado de las alegaciones del contratista y de todos los informes que, en su caso, se hubieran recabado con carácter previo a su aprobación, incluidos aquellos aportados por el adjudicatario o los emitidos por el propio órgano de contratación"
En base ao exposto deberá darse publicidade á modificación número 7 do contrato baseado mediante a publicación do correspondente anuncio no DOUE e no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Sexta.- Tal e cómo expón o responsable do contrato no seu informe, o importe do gasto para esta nova subministración a incluír no modificado número 7, foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales

serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

Sétima.- A modificación número 7 do contrato baseado non conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.3 da LCSP, posto que para a adxudicación do mesmo non foi obxecto de constitución. A este respecto no propio acordo da Xunta de Goberno de 26 de xuño do 2020 polo que se procedeu a adxudicación do contrato baseado indicábase o seguinte:
"Tendo en conta as características da subministración e dado que o seu pago é sempre posterior á entrega e recepción do mesmo, non se esixirá garantía definitiva para a execución do presente contrato baseado, en aplicación do previsto nas cláusulas 14 garantía e 21 contratos baseados no acordo marco, punto 11, Garantía nos Contratos baseados, do PCA do Acordo Marco. No caso de que o adxudicatario fose obxecto de penalidades pola execución non adecuada do contrato baseado, estas faranse efectivas mediante dedución das cantidades pendentes de pago"

Oitava.- Respecto da formalización da modificación número 7 do contrato baseado, e de acordo co sinalado no artigo 153 da LCSP, nos contratos baseados nun acordo marco non resultará necesaria a formalización do contrato, Conforme ao establecido no artigo 36.3 da LCSP e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, os contratos baseados nun acordo marco, o que resulta aplicable tamén á súa modificación, perfecciónanse coa notificación da súa adxudicación ao contratista.

Novena.- Aos efectos do establecido na base 36, apartado 1.3.6.5 das bases de execución do orzamento 2024, enténdese desde o servizo de contratación e fomento que se cumpren as esixencias do artigo 204 da LCSP.
"Base 36, apartado 1.3.6.5 Modificación do contrato:
a) No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos, que non supera o límite previsto nos mesmos, e que non se inclúen novos prezos unitarios non previstos no contrato. No caso de modificacións non previstas, ou que non se axusten ao establecido no artigo 204, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da Lei de Contratosdo Sector Público e que non se superan as porcentaxes máximas previstas no devandito artigo.
b) Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral e, no seu caso, ditame do Consello Consultivo de Galicia."

Décima.- Polo que se refire ao órgano competente para realizar a modificación número 7 do contrato baseado a realizar, e de conformidade co previsto nos artigos 61.1 e 61.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación, que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

*Conclusión*.

En atención as consideracións expostas e atendendo a xustificación da modificación efectuada, infórmase favorablemente a modificación número 7 do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), sempre que se fiscalice o expediente pola Intervención...
(...)"

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a modificación número 7 do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), cun incremento do prezo de adxudicación de 1.658,66 €, aos que haberá que engadir 348,32€ en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 2.006,98 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Os datos técnicos da subministración a incluír no contrato baseado son os seguintes:

| SUBMINISTRACIÓN | DIRECCIÓN | POTENCIA | TARIFA |
|---|---|---|---|
| Alumeado público do parque empresarial de Paradela | PS. SECTOR A, PARADELA, LUGO | 11,09 kw | 2.0TD |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 41/96 |

A data estimada prevista para o inicio desta subministración a través do contrato eléctrico da Deputación de Lugo é o 31 de maio de 2024, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos que é preciso realizar. A estimación do gasto previsto para esta subministración desde a data na que se inicie ata o 26 de xullo de 2024 (data na que finaliza a prórroga actual a cal por ser a derradeira tamén marca a data de remate do contrato baseado), é a seguinte:

| SUBMINISTRACIÓN | IMPORTE TOTAL SEN IVE | IVE | IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO) | ANUALIDADE 2024 (IVE ENGADIDO) |
|---|---|---|---|---|
| Alumeado público do parque empresarial de Paradela | 1.658,66 € | 348,32 € | 2.006,98 € | 2.006,98 € |

O importe do gasto para esta subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

**2º.-** Adxudicar este modificado número 7 á empresa adxudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., con NIF A61797536, que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 725.654,25 €, aos que haberá que engadir 152.387,39 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 878.041,64€ (IVE engadido). Este modificado, realizado en virtude do artigo 204 da LCSP modificacións previstas nos pregos reitores, supón un incremento dun 0,37 % sobre o prezo inicial do contrato baseado, que sumado aos cinco anteriores incrementos realizados en virtude do artigo 204 da LCSP (modificados número: 1, 2, 3, 4 e 5) que eran dun 11,51 %, fai que as modificacións totais do contrato realizadas en virtude do artigo 204 da LCSP supoñan un incremento dun 11,88 % sobre o prezo inicial do contrato.
A adxudicataria ademais deberá ter en conta que na cláusula 21.3 do mencionado PCA se indica que este novo punto de subministración ordinario pasará a formar parte do contrato baseado cos prezos e contidos que nel se establecen.
En virtude da resolución de Presidencia del 08 de xuño de 2023 os prezos unitarios que rexerán esta nova subministracións se resumen na seguinte táboa:

**ANEXO: PRECIOS BAJO CIRCULAR 3/2020**

| Precios Bajo Circular 3/2020 Conversión pactada con FEMP | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Tarifa Origen | Tarifa Destino | TE1 | TE2 | TE3 | TE4 | TE5 | TE6 |
| 2.0A | 2.0TD | 0,2933 | 0,1928 | 0,1406 | | | |
| 2.0DHA | 2.0TD | 0,2908 | 0,1919 | 0,1403 | | | |
| 2.0DHS | 2.0TD | 0,29 | 0,1889 | 0,1427 | | | |
| 2.1A | 2.0TD | 0,2933 | 0,1928 | 0,1405 | | | |
| 2.1DHA | 2.0TD | 0,2909 | 0,1919 | 0,1403 | | | |
| 2.1DHS | 2.0TD | 0,2899 | 0,1889 | 0,1427 | | | |
| 3.0A | 3.0TD | 0,2449 | 0,2166 | 0,1718 | 0,1634 | 0,1521 | 0,1399 |
| AP2.0DHA | 2.0TD | 0,2908 | 0,1919 | 0,1403 | | | |
| AP2.1DHA | 2.0TD | 0,2909 | 0,1919 | 0,1403 | | | |
| AP3.0A | 3.0TD | 0,2449 | 0,2166 | 0,1718 | 0,1634 | 0,1521 | 0,1399 |
| 3.1A | 6.1TD | 0,1998 | 0,1785 | 0,1464 | 0,1427 | 0,1336 | 0,1289 |
| 6.1A | 6.1TD | 0,1952 | 0,1782 | 0,1515 | 0,1422 | 0,1292 | 0,1293 |

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación. En virtude da Resolución de presidencia de data 08 de xuño de 2023 pola que se aproba a terceira e derradeira prórroga do contrato, a data de finalización do mesmo é o 26 de xullo de 2024.

**3º.-** A formalización do modificado número 7 realizarase conforme co disposto no artigo 153 da LCSP e será publicada de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da LCSP."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE DA CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DUNHA CISTERNA DISTRIBUIDORA DE XURRO DE 14.000 L. DE CAPACIDADE E SISTEMA DE LOCALIZACIÓN DE PRODUTO PARA A GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 10 de maio de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

*Antecedentes*.

1. Proposta de inicio e memoria xustificativa, elaborada pola Granxa Gayoso Castro da Deputación de Lugo, con CSV: CSV IV7WQYKTKAZ477J36IVGMZIU4A.

2. Prego de prescricións técnicas, asinado pola directora da Granxa Gayoso Castro, con CSV: IV7WSEKPZUO4WW6J2HQDAZQGLY.
3. Informe de Intervención Xeral con CSV: IV7OHTDYHZGJJJGNCA5E6UPUIU.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7W6TRMZ4VIWSXYSHXWGJDWIM.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7W66KZJRR3577ZQDW5INAFKQ.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7W67DNEDWKSW74VQEVMHQUGM.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7W64P5CENYLO5SAYWNN77O6M.
8. Acordo da Xunta de Goberno do 22 de xaneiro de 2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7WUD26HY5PV6UJ2VMCAYB7HY.
9. Anuncio de licitación publicado o 24 de xaneiro de 2024 na Plataforma de Contratos do Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 19 de febreiro de 2024, con CSV IV7WE6YNYEF2R2Z42XYRCJBGN4, que acordou o seguinte:

(…) "dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

| LICITADORES |
|---|
| ALBERTO PEREZ CASTRO |
| FRUEHAUF RECAMBIOS, S.L. |
| MANTO MAQUINARIA, S.L.U. |
| TALLERES CARRUXO, S.L. |

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación procede acto seguido á cualificación dos sobres que conteñen a declaración responsable, cos seguintes resultados:
O Anexo I presentado polas empresas Alberto Perez Castro, Fruehauf Recambios, S.L., Manto Maquinaria, S.L.U. e Taller Empalme Villalba, S.L. axústase aos requisitos recollidos no PCAP.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 44/96 |

No caso do licitador Talleres Carruxo, S.L., na apertura do sobre da documentación administrativa, non consta presentado o Anexo I que se require no PCAP para a participación no procedemento.
A mesa de contratación cualifica o defecto detectado como emendable, acordando por unanimidade:
Non abrir as ofertas económicas ata que se leve a cabo o trámite de emenda de presentación do Anexo I da empresa Talleres Carruxo, S.L.
Requirir á empresa Talleres Carruxo, S.L. para que, de conformidade co establecido no artigo 141 da LCSP, presente no prazo de tres días hábiles, asinada e debidamente cumprimentada o Anexo I (modelo de declaración responsable sobre o cumprimento de requisitos previos):" (...)

11.- Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 23 de febreiro de 2024, con CSV IV7WGOLPBNF53JNS2QAXKVYXMM, de apertura de oferta económica, que acordou o seguinte:
(...) "... dáse conta de que a empresa Talleres Carruxo, S.L. presentou o Anexo I no prazo de emenda concedido ao efecto axustado aos requisitos recollidos no PCAP.
Visto canto antecede, os membros da Mesa de Contratación acordan por unanimidade admitir no procedemento a empresa Talleres Carruxo, S.L.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas) cos seguintes resultados:

| LICITADORES | OFERTA ECONÓMICA | SERVIZO DE MANTEMENTO PERIÓDICO | REDUCIÓN DO PRAZO DE ENTREGA SOBRE O MÁXIMO ESTABLECIDO (max. 240 días naturais) | PRAZO DE ENTREGA (días naturais) |
|---|---|---|---|---|
| ALBERTO PEREZ CASTRO | 75.900,00 | 24 | a 180 | 180 |
| FRUEHAUF RECAMBIOS, S.L. | 87.778,00 | 40 | 120 | 120 |
| MANTO MAQUINARIA, S.L.U. | 84.000,00 | 12 | 60 | 180 |
| TALLER EMPALME VILLALBA, S.L. | 87.000,00 | 40 | 95 | 145 |
| TALLERES CARRUXO, S.L. | 88.460,00 | 40 | 180 | 60 |

| PUNTUACIÓN | | | | |
|---|---|---|---|---|
| LICITADORES | OFERTA ECONÓMICA | SERVIZO DE MANTEMENTO PERIÓDICO | REDUCIÓN DO PRAZO DE ENTREGA | TOTAL |
| ALBERTO PEREZ CASTRO | 75 | 10 | 3,33 | 83,33 |
| FRUEHAUF RECAMBIOS, S.L. | 64,85 | 15 | 5 | 84,85 |
| MANTO MAQUINARIA, S.L.U. | 67,77 | 5 | 3,33 | 76,10 |
| TALLER EMPALME VILLALBA, S.L. | 65,43 | 15 | 4,14 | 84,57 |
| TALLERES CARRUXO, S.L. | 64,35 | 15 | 10 | 89,35 |


| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 45/96 |

A continuación procédese á comprobación de se algunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

| OFERTAS PRESENTADAS | IMPORTE OFERTA | IMPORTE DE LA BAJA | PORCENTAJE DE BAJA SOBRE PRECIO BASE LICITACIÓN | Primer Filtro (>10 unds. a la media) | BAJA DESPROPORCIONADA |
|---|---|---|---|---|---|
| ALBERTO PEREZ CASTRO | 75.900,00 | 14.100,00 | 15,6667 % | Se incluye | ES BAJA DESPROPORCIONADA |
| FRUEHAUF RECAMBIOS S.L. | 87.778,00 | 2.222,00 | 2,4689 % | Se incluye | NO ES BAJA DESPROPORCIONADA |
| MANTO MAQUINARIA S.L.U. | 84.000,00 | 6.000,00 | 6,6667 % | Se incluye | NO ES BAJA DESPROPORCIONADA |
| TALLER EMPALME VILLALBA S.L | 87.000,00 | 3.000,00 | 3,3333 % | Se incluye | NO ES BAJA DESPROPORCIONADA |
| TALLERES CARRUXO S.L. | 88.460,00 | 1.540,00 | 1,7111 % | Se incluye | NO ES BAJA DESPROPORCIONADA |
| Medias calculadas | 84.627,60 | 5.372,40 | 5,97 % | 84.627,60 | Media Ofertas incluídas |
| Porcentaxe de Baixa a partir da cal se considera BAIXA TEMERARIA e importe da oferta, en valores absolutos, a partir da cal ten esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluídas menos 10 unidades porcentuais) | | | | 15,37 % | 76.164,84 |

Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia á empresa Alberto Perez Castro, para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desagregue razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: "... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado", ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.


| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 46/96 |

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico." (...)

12.- Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 11 de abril de 2024, con CSV IV7XRWJJLJ535XBISXQSMMYPF4, de xustificación de oferta anormalmente baixa, calificación e requirimento de documentación que acordou o seguinte:

(...) "A Mesa de Contratación, reunida o 23 de febreiro de 2024, acordou conceder o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, ao licitador Alberto Pérez Castro, por un prazo de cinco días hábiles, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.

O 6 de marzo deuse traslado ao licitador do trámite de xustificación de oferta anormalmente baixa. A empresa presentou xustificación o 12 de marzo, en prazo.
O 15 de marzo a directora da Granxa Gayoso Castro solicitoulle, ao licitador Alberto Pérez Castro, aclaración da documentación presentada para xustificar a baixa desproporcionada ou anormalmente baixa. O 20 de marzo, dentro do prazo establecido, o licitador presenta a aclaración solicitada a través da plataforma de contratos do sector público.

A directora da Granxa Gayoso Castro emitiu informe, con CSV IV7XQ6H4LPV7ISHLAJY5OB3WOM , que conclúe:

"Que as alegacións presentadas polo licitador Alberto Pérez Castro , ao respecto do trámite de audiencia para a xustificación de oferta anormalmente baixa ou desproporcionada, en relación coa Contratación da adquisición dunha cisterna distribuidora de xurro de 14.000L. de capacidade e sistema de localización de produto para a Granxa Gayoso Castro da Deputación provincial de Lugo (expediente 2023/CON_02/000080), resultan suficientes e explican satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos da oferta presentada, e que as eivas detectadas nalgúns dos aspectos considerados neste informe non deberan condicionar o cumprimento da oferta, polo que as xustificacións aportadas para a inclusión de valores anormalmente baixos permiten considerar que a dita oferta pode ser executada nos termos formulados e inicialmente xustificados."

A Mesa acorda aceptar o informe da Granxa Gayoso Castro e, en consecuencia, aceptar a xustificación da oferta por unanimidade dos presentes.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 47/96 |

A Mesa procede á valoración das ofertas, co resultado seguinte:

| PUNTUACIÓN | | | | |
|---|---|---|---|---|
| LICITADORES | OFERTA ECONÓMICA | SERVIZO DE MANTEMENTO PERIÓDICO | REDUCIÓN DO PRAZO DE ENTREGA | TOTAL |
| ALBERTO PEREZ CASTRO | 75 | 10 | 3,33 | 88,33 |
| FRUEHAUF RECAMBIOS, S.L. | 64,85 | 15 | 5 | 84,85 |
| MANTO MAQUINARIA, S.L.U. | 67,77 | 5 | 3,33 | 76,10 |
| TALLER EMPALME VILLALBA, S.L. | 65,43 | 15 | 4,14 | 84,57 |
| TALLERES CARRUXO, S.L. | 64,35 | 15 | 10 | 89,35 |

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

Aceptar a xustificación presentada pola empresa de conformidade co informe da Granxa Gayoso Castro.

Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

| Nº DE ORDE | LICITADORES | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| 1 | TALLERES CARRUXO, S.L. | 89,35 |
| 2 | ALBERTO PEREZ CASTRO | 88,33 |
| 3 | FRUEHAUF RECAMBIOS, S.L. | 84,85 |
| 4 | TALLER EMPALME VILLALBA, S.L. | 84,57 |
| 5 | MANTO MAQUINARIA, S.L.U. | 76,10 |

Requirir á empresa Talleres Carruxo, S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.


| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 48/96 |

| IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (importe ofertado sen IVE) | IMPORTE DA GARANTÍA 5 % |
|---|---|
| 88.460,00 € | 4.423,00 € |

"(...).

13.- Documentación presentada pola empresa Talleres Carruxo, SL a través da plataforma de contratación do sector público o día 7 de maio de 2024.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 10 de maio de 2024, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente, certificado do rexistro oficial de licitadores (ROLECE), certificado de alta en IAE, certificado de estar ao corrente coa obrigas tributarias e de seguridade social (AEAT e SS), certificado da Recadación Provincial e carta de pago da garantía depositada.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Talleres Carruxo, S.L. a contratación da adquisición dunha cisterna distribuidora de xurro de 14.000L. de capacidade e sistema de localización de produto para a Granxa Gayoso Castro da Deputación provincial de Lugo, expediente: 2023/CON_02/000080, polo importe de 88.460,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 18.576,60 €, o que fai un total de 107.036,60 €, co compromiso de realizar o servizo de mantemento periódico durante 40 meses e reducir o prazo de entrega 180 días naturais. Durante a vixencia do contrato, o adxudicatario estará obrigado a realizar as operacións derivadas do cumprimento do mesmo axustándose aos prazos e lugar de entrega indicados no Prego de prescricións técnicas (PPT).

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos."


| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 49/96 |

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Noveno.- Dende o Concello de Foz remitiuse, o 8 de maio de 2024 (2024RT009324), escrito no que literalmente se establece o seguinte:
"Solicítase prórroga do prazo de execución Do Convenio interadministrativo plurianual de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución das "Obras de Humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia, prórroga que se solicita polo maior prazo posible, por imposibilidade deste Concello de levar a cabo a execución das actuacións imputables á anualidade de 2023."

*Consideracións xurídico- administrativas.*

Primeira.- No artigo 32 da Lei 39/2015, da LPACAP disponse que: "1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio o a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que no exceda de la metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesado.(...)
3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre

ampliación de prazos o sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sen prexuízo del procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento (...).”

Segunda: No convenio de referencia establécese o seguinte:
Na cláusula quinta. Duración do convenio interadministrativo.
“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2022 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa da anualidade do 2022 na data límite do 31 de decembro de 2023 e a conta xustificativa da anualidade do 2023 na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.
Na cláusula sexta. Modificación.
“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Terceira.- En canto ao órgano competente para aprobar a cuarta modificación ao convenio é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

*Conclusións*.

Por todo o exposto, e tendo en conta que:
O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo,
Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común),
Os prazos que se pretenden modificar non están vencidos,
Os novos prazos non exceden da metade dos prazos previstos no convenio,
e que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a cuarta modificación solicitada polo representante do Concello de Foz nos termos da cuarta addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 67/96 |

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a cuarta modificación do Convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para colaborar nos gastos derivados das “Obras de Humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia”, formalizado o 21 de xuño de 2022 e modificado o 16 de decembro de 2022, o 31 de xullo de 2023 e o 29 de setembro de 2023, que quedaría redactado no seguinte senso:

“*Cuarta addenda do convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para a execución das “Obras de humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia” anos 2022 e 2023.*

*Reunidos*.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Francisco Cajoto Caserío, Alcalde do Concello de Foz, con N.I.F P-2701900I, e sede Social en Avda Álvaro Cunqueiro, 24, Foz, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 321.1.b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente terceira modificación e a tal efecto,

*Manifestan.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 10 de xuño de 2022, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á seguinte proposta:
“Primeiro.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 68/96 |

comúns consistentes en cooperar na execución das ""Obras de Humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia", por importe total de 767.720,21 € (no ano 2022: 383.860,10€ e no ano 2023: 383.860,11€) dos que 543.699,46 € que serán financiados pola Deputación de Lugo (no ano 2022: 271.849,73 € e no ano 2023: 271.849,73 €) e 224.020,75 € serán financiados polo Concello de Foz (no ano 2022: 112.010,37 € e no ano 2023: 112.010,38 €).
Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 543.699,46 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio dos que 271.849,73 € son financiados con cargo á anualidade 2022, aplicación orzamentaria 9420.76200, e 271.849,73 € financiados con cargo á anualidade 2023.
Terceiro.- Adquirir o compromiso de incluír no orzamento do ano 2023 a cantidade de 271.849,73 € tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira."

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para colaborar nos gastos derivados das "Obras de Humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia", formalizouse o 21 de xuño de 2022.

Terceiro.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 16 de decembro de 2022, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á seguinte proposta:
"Aprobar a modificación das cláusulas terceira e cuarta do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para colaborar nos gastos derivados das "Obras de Humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia", formalizado o 21 de xuño de 2022 nos termos da modificación do convenio que se incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común) e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial".

Cuarto.- A primeira addenda do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para colaborar nos gastos derivados das "Obras de Humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia", formalizouse o 16 de decembro de 2022.

Quinto.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á seguinte proposta:
"Aprobar a segunda modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para colaborar nos gastos derivados das "Obras de Humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia", formalizado o 21 de xuño de 2022 e modificado o 16 de decembro de 2022".

Sexto.- A segunda addenda do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para colaborar nos gastos derivados das "Obras de Humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia", formalizouse o 31 de xullo de 2023.

Sétimo.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 29 de setembro de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á seguinte proposta:
"Aprobar a terceira modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para colaborar nos gastos derivados das "Obras de Humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia", formalizado o 21 de xuño de 2022 e modificado o 16 de decembro de 2022 e o 31 de xullo de 2023 (...)".

Oitavo.- A terceira modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para colaborar nos gastos derivados das "Obras de Humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia", formalizouse o 29 de setembro de 2023.

Noveno.- Dende o Concello de Foz remitiuse, o 8 de maio de 2024 (2024RT009324), escrito no que literalmente se establece o seguinte:
"Solicítase prórroga do prazo de execución Do Convenio interadministrativo plurianual de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución das "Obras de Humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia, prórroga que se solicita polo maior prazo posible, por imposibilidade deste Concello de levar a cabo a execución das actuacións imputables á anualidade de 2023."

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente cuarta modificación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 70/96 |

*Cláusulas*.

Primeira.- As partes acordan modificar as seguintes cláusulas:
A cláusula terceira (apartado 3.2.6), sobre as obrigas e compromisos das partes.
A cláusula cuarta (apartado C), sobre a xustificación da achega económica.
As cales quedarán redactadas no seguinte senso:
Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.
“(...)
3.2. O Concello de Foz.
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Foz, comprométese ao seguinte:
1. Achegar, para a execución do convenio a achega económica prevista na cláusula cuarta (112.010,37 € para os gastos imputables á anualidade 2022 e 112.010,38 € para os gastos imputables á anualidade do 2023) e o financiamento do importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.
Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.
Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.
Recibir as obras, mantelas e dar o servizo á veciñanza.
Executar as actuacións imputables á anualidade do 2022 na data límite do 30 de novembro de 2023 e as actuacións imputables á anualidade do 2023 dende o 1 de decembro de 2023 ata a data límite do 30 de novembro de 2024.
Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”

Cláusula cuarta.- Réxime económico.
“(..)

*Xustificación da achega económica.*

O Concello de Foz, achegará, como data límite do 7 de decembro de 2023 a conta xustificativa da anualidade 2022 e como data límite do 10 de decembro de 2024 a conta xustificativa da anualidade do 2023, que terá o seguinte contido:
Memoria de actuacións das actividades realizadas.
Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:
1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.
Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
Actas de recepción (a aportar coa xustificación da anualidade do 2023).
Declaración responsable emitida polo representante do concello, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo
Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 72/96 |

Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente".

**2º.-** As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 21 de xuño de 2022 e modificado o 16 de decembro de 2022, 31 de xullo de 2023 e o 29 de setembro de 2023, esta cuarta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente cuarta modificación, do que como secretario dou fe."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DISTINTAS FACTURAS.

*Proposta de aprobación, se procede, da validación de gasto en relación ca factura de Canteira do Penedo, S.A. por omisión de fiscalización de obrigas por contrato vencido.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

| ACREEDOR | Nº DE FACTURA | DATA FACTURA | IMPORTE | OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM | NATUREZA XURIDICA | DATA REALIZACIÓN | CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CANTEIRA DO PENEDO, S.A | B.125 | 29/02/24 | 11.831,43 € | Subm.áridos para o Parque Móbil 2024/FAC-01/001524 | SUBM. | Febreiro 2024 | 9201.210 92024/4090 |
| TOTAL | | | 11.831,43 € | | | | |

Total: 11.831,43 €.

Vista memoria xustificativa emitidas polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista Resolución da Presidencia de data 7 de maio de 2024 na que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 11.831,43 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e propoñendo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 11.831,43 €:

| ACREEDOR | Nº DE FACTURA | DATA FACTURA | IMPORTE | OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM | NATUREZA XURIDICA | DATA REALIZACIÓN | CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CANTEIRA DO PENEDO, S.A. | B.125 | 29/02/24 | 11.831,43 € | Subm.áridos para o Parque Móbil 2024/FAC-01/001524 | SUBM. | Febreiro 2024 | 9201.210 92024/4090 |
| TOTAL | | | 11.831,43 € | | | | |

TOTAL 11.831,43 €."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA RELATIVA Á FIXACIÓN DO PREZO DE VENTA DAS PARCELAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL "FEIRA DO MONTE" COSPEITO, FASE I.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 74/96 |

"En data de 1 de xuño de 2005, asinouse o Convenio de Colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo, a Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (en adiante SUPLUSA) e o Concello de Cospeito para a construción dun polígono industrial no Concello de Cospeito.

A cláusula oitava deste Convenio de Colaboración establece:
"A Sociedad Urbanística para posibilitar a execución das fases de urbanización que se determinen, adquirirá o solo necesario polo sistema que fixe o planeamento."

A cláusula novena deste Convenio de Colaboración engade:
"A venta das parcelas realizarase pola Sociedad Urbanística nas condicións que deriven das inversións realizadas."

O Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, os seguintes acordos:
"...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.
A aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís nas condicións establecidas no informe de intervención provincial de data de 20 de novembro de 2020.
A incorporación ao inventario provincial dos bens e dereitos nos que se subroga, de acordo con informe emitido pola Sección de Inventario, en data de 19 de novembro de 2020."

A extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, acordada polo Pleno da Deputación Provincial, en Sesión Extraordinaria, celebrada en data de 30 de novembro de 2020, mediante a cesión de activo e pasivo, consonte o artigo 83 da Lei 3/20019, de 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís implica a subrogación da Deputación Provincial de Lugo na posición xurídica de SUPLUSA respecto dos dereitos e obrigas das que esta era titular.

En cumprimento deste acordo a Deputación Provincial de Lugo subrogouse no citado contrato de obra, rematando as obras de urbanización do Parque Empresarial Feira do Monte, Fase I, no Concello de Cospeito.

En cumprimento do referido Convenio de Colaboración para a construción dun polígono industrial no Concello de Cospeito, para proceder á venta de parcelas e formalizar as reservas efectuadas de solo industrial en SUPLUSA, redactouse o Proxecto de Parcelación do Sector Industrial FMII SUB P/RI Feira do Monte, Concello

de Cospeito, correspondente á Fase I, que foi aprobado pola Xunta de Goberno do Concello de Cospeito, en data de 27 de febreiro de 2023.

En data de 8 de marzo de 2024 foi asinada entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cospeito a Acta de Recepción da obra de urbanización deste Polígono Industrial por este Concello.

Visto o informe emitido polo Servizo de Vías e Obras, en data de 26 de abril de 2024, con CSV IV7X4WSMN5U435B43Q7DMUHPEY.

Visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio e o Secretario Xeral, en data de 26 de abril de 2024, con CSV IV7X4WRL3HUJX5FDYHYBMI2X6I.

Visto o informe emitido pola Intervención, en data de 9 de maio de 2024, con CSVIV7X63D6ZZVJ6XU7TUFUMPTV5Y.

De acordo cos informes referenciados, o prezo do metro cadrado , calculado en función dos costes deste polígono industrial é superior ao prezo de actual de mercado do solo industrial, comparado co dos polígonos industriais existentes nesta zona e noutros, de similares características, da provincia de Lugo. A baixada deste prezo, equiparándoo ao prezo de mercado deste tipo de solo, favorecería a implantación de empresas e, polo tanto, unha maior actividade económica nese polígono industrial, favorecendo, tamén, a xeración de emprego e o impulso das relacións comerciais e económica, todo isto favorecería, o desenvolvemento económico e social deste Concello, e consecuentemente da provincia.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o prezo por metro cadrado das parcelas do Polígono Industrial de Feira do Monte, Concello de Copeito Fase I, que ascende a cincuenta e cinco euros con setenta e dous céntimos (55,72€) máis IVE e aprobar unha bonificación dun 30% sobre este prezo, quedando o prezo final, por metro cadrado en trinta e nove euros, (39,00€/m2) máis IVE.

**2º.-** Facultar á Presidencia para efectuar todos os trámites para a formalización das escrituras públicas de compraventa da superficie reservada na Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2023/022, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

"Primeiro.- Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do "Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023", de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/022, correspondente ao MVMC de Santalla as obras de "Mellora de Accesos Comunais ao MVMC de Santalla de Pena", concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- O MVMC de Santalla, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 12 de decembro de 2023.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 12 de decembro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC de Santalla (Begonte), tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/022, destinada ás obras de "Mellora de Accesos Comunais ao MVMC de Santalla de Pena" por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO PROVISIONAL SOBRE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN EXECUCIÓN DO PROGRAMA "DA ESCOLA Á GRANXA", ANUALIDADE 2024.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"I.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 1 de marzo de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:
1º.- A aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa "Da granxa á escola", na anualidade 2024, dotado con 100.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2024.
2º.- Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude e xustificación.
3º.- A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e portal de internet da Deputación de Lugo.
4º.- A aprobación do gasto, por importe de 100.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024.

II. A convocatoria e as Bases canalizadoras das subvencións (no sucesivo, Bases) foron publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo, o 8 de marzo de 2024.
Como consecuencia da dita publicación, foron recibidas 163 solicitudes por parte de 65 ANPAS de centros de educación infantil e primaria da provincia de Lugo.

III. En cumprimento do establecido na Base 11, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, instruíronse e tramitáronse os respectivos expedientes, revisáronse as solicitudes presentadas e realizáronse todas as actuacións necesarias para a determinación das solicitantes que, a través da documentación achegada, acreditaron o cumprimento dos requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, e na Base 8 das canalizadoras das subvencións, para poder ser as súas beneficiarias.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 78/96 |

DEPUTACIÓN DE LUGO

En concreto, comprobouse que as 163 solicitudes integraban a documentación requirida na Base 8. Das 163 solicitudes:
76 integraban toda a documentación prevista na Base 8 e, ademais, era correcta.
87 estaban incompletas ou contiñan erros emendables por parte de 34 ANPAS.
Requiridos os 34 solicitantes cuxas 87 solicitudes estaban incompletas ou contiñan erros, e recibidas as respostas aos ditos requirimentos, completáronse os expedientes.

IV. Por outra banda, en aplicación do establecido na Base 6, determináronse os importes das subvencións correspondentes a cada unha das solicitudes.
Das actuacións citadas despréndese que as solicitantes que poden obter a condición de beneficiarias das subvencións de referencia son as interesadas dos expedientes e polos importes que se relacionan a continuación (nas actividades organizadas por ADEGA e Tropic Gaia indícase que se tratan de obradoiros no centro escolar; o resto de actividades correspóndense con visitas ás granxas e explotacións):

| Expediente | ANPA Beneficiaria | NIF | Visita / Obradoiro | Importe unitario subvención | Importe total subvención |
|---|---|---|---|---|---|
| 2024/CCP_01/000067 | Asoc de pais de alumnos do colexio de Riotorto | G27307677 | Tropic Gaia | 498,75 | 2.298,75 |
| 2024/CCP_01/000068 | | | Milhulloa | 900,00 | |
| 2024/CCP_01/000069 | | | SAT Lodos e Pérez | 900,00 | |
| 2024/CCP_01/000122 | ANPA do CEIP Veleiro de Campo, Castro Riberas de Lea | G27371129 | Milhulloa | 900,00 | 4.185,00 |
| | | | G. Alejandro Salvatierra | 900,00 | |
| | | | Daveiga | 900,00 | |
| | | | ADEGA | 495,00 | |
| | | | ADEGA | 495,00 | |
| | | | ADEGA | 495,00 | |
| 2024/CCP_01/000130 | ANPA do CEIP de Samos | G16843799 | Daveiga | 900,00 | 1.897,50 |
| 2024/CCP_01/000129 | | | Tropic Gaia | 498,75 | |
| 2024/CCP_01/000133 | | | Tropic Gaia | 498,75 | |
| 2024/CCP_01/000151 | Asociación de nais e pais Outeiro do CEIP Pobra de Brollón | G27272459 | Caurelor | 900,00 | 900,00 |
| 2024/CCP_01/000160 | Asociación de padres de alumnos Muras | G27021948 | Champivil | 855,00 | 1.353,75 |
| | | | ADEGA | 498,75 | |
| 2024/CCP_01/000167 | Agrupación mais e pais de alumnos a Ulloa de Palas de Rei | G27359272 | ADEGA | 498,75 | 2.493,75 |
| 2024/CCP_01/000168 | | | ADEGA | 498,75 | |
| 2024/CCP_01/000169 | | | ADEGA | 498,75 | |
| 2024/CCP_01/000170 | | | ADEGA | 498,75 | |
| 2024/CCP_01/000173 | | | ADEGA | 498,75 | |
| 2024/CCP_01/000219 | APA del CEIP de Triacastela | G27317643 | Terras da Mariña | 855,00 | 1.353,75 |
| | | | Tropic Gaia | 498,75 | |
| 2024/CCP_01/000255 | APA y ex-alumnos de S. José de Calasanz de Quiroga | G27190263 | A Casa da Fonte | 900,00 | 1.398,75 |
| | | | ADEGA | 498,75 | |
| 2024/CCP_01/000270 | Asociación de Padres de alumnos del colegio mixto comarcal de Trabada | G27019272 | O Trobo | 900,00 | 900,00 |
| 2024/CCP_01/000417 | Asociación de nais e pais de alumnos do colexio público Ricardo Gasset do Incio | G27230382 | Airas Moniz | 855,00 | 2.850,00 |
| | | | Tropic Gaia | 498,75 | |
| | | | ADEGA | 498,75 | |
| | | | Tropic Gaia | 498,75 | |
| | | | Tropic Gaia | 498,75 | |


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 79/96 |

| Expediente | ANPA Beneficiaria | NIF | Visita / Obradoiro | Importe unitario subvención | Importe total subvención |
|---|---|---|---|---|---|
| 2024/CCP_01/000420 | Apa Santa Eulalia y San Berto | G27323054 | Traloagro | 807,50 | 1.306,25 |
| | | | ADEGA | 498,75 | |
| 2024/CCP_01/000441 | Asociación de nais e pais do alumnado do CEIP do Páramo | G16791758 | Daveiga | 900,00 | 900,00 |
| 2024/PES_03/005823 | APA Colegio A Gándara | G27183961 | A Casa da Fonte | 900,00 | 900,00 |
| 2024/CCP_01/000442 | Anpa do CEIP Castro de Ouro de Alfoz | G27424951 | Gandeiría Mantoño | 900,00 | 900,00 |
| 2024/CCP_01/000450 | Asociación de nais e pais de alumnos/as a Faxarda do CEIP Gregorio Sanz | G27011642 | Gandeiría Mantoño | 684,00 | 3.363,00 |
| 2024/CCP_01/000451 | | | Terras da Mariña | 684,00 | |
| 2024/CCP_01/000452 | | | Tropic Gaia | 498,75 | |
| 2024/CCP_01/000453 | | | ADEGA | 498,75 | |
| 2024/CCP_01/000455 | | | ADEGA | 498,75 | |
| 2024/CCP_01/000457 | | | Tropic Gaia | 498,75 | |
| 2024/CCP_01/000482 | APA colegio público Pantón | G27205186 | Champivil | 885,00 | 2.903,00 |
| | | | Gandeiría Puluán | 636,00 | |
| | | | Porco Celta de Outeiro | 884,00 | |
| | | | Tropic Gaia | 498,00 | |
| 2024/CCP_01/000504 | APA Colexio Público Ramón Falcón | G27210632 | G. Alejandro Salvatierra | 900,00 | 1.800,00 |
| | | | Traloagro | 900,00 | |
| 2024/CCP_01/000506 | Asociación pais alumnos Terra Cha do CEIP de Román | G27312859 | Pazo de Vilane | 900,00 | 1.800,00 |
| 2024/CCP_01/000507 | | | Ana Pérez Boo | 900,00 | |
| 2024/CCP_01/000537 | Asociación Pais de alumnos do CEIP San Miguel | G27291129 | Gandería Quintián | 900 | 1.398,75 |
| | | | Tropic Gaia | 498,75 | |
| 2024/CCP_01/000543 | APA colegio nacional mixto comarcal de A Pontenova | G27106020 | G. Alejandro Salvatierra | 750,00 | 750,00 |
| 2024/CCP_01/000545 | ANPA Fundación Educativa Torre de Lemos | G27427996 | A Casa da Fonte | 900,00 | 3.195,00 |
| 2024/CCP_01/000546 | | | Daveiga | 900,00 | |
| 2024/CCP_01/000547 | | | Traloagro | 900,00 | |
| 2024/CCP_01/000548 | | | Tropic Gaia | 495,00 | |
| 2024/PES_03/006511 | ANPA del CEIP de Monterroso | G27374248 | Da Veiga | 900 | 3.600,00 |
| | | | Milhulloa | 900 | |
| | | | Pazo de Vilane | 900 | |
| | | | Traloagro | 900 | |
| 2024/CCP_01/000549 | APA y exalumnos del colegio nacional mixto comarcal Santa María del Valle de Oro | G27019264 | Champivil | 855 | 3.065,00 |
| | | | G. Alejandro Salvatierra | 855 | |
| | | | O Trobo | 500 | |
| | | | Ana Pérez Boo | 855 | |
| 2024/CCP_01/000550 | APA y Exalumnos de EGB del colegio nacional mixto comarcal de Foz Padre Feijoo | G27019371 | Ana Pérez Boo | 900,00 | 900,00 |
| 2024/CCP_01/000552 | Asociación de nais e pais de alumnos/as do CEIP Monseivane (en constitución) | G56349731 | Terras da Mariña | 788,50 | 1.287,25 |
| | | | Tropic Gaia | 498,75 | |
| 2024/CCP_01/000553 | Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as do CEIP Manuel Mato Vizoso | G27493527 | Porco Celta de Outeiro | 900,00 | 1.390,00 |
| | | | Tropic Gaia | 490,00 | |
| 2024/CCP_01/000554 | APA del colegio público Fondo Nois | G27045129 | SAT Lodos e Pérez | 475,00 | 973,75 |
| 2024/CCP_01/000555 | | | ADEGA | 498,75 | |
| 2024/CCP_01/000556 | APA colegio público Otero Pedrayo de Rábade | G27100049 | Arqueixal | 895,00 | 895,00 |
| 2024/CCP_01/000557 | APA de Xermade | G27035500 | SAT O Palomar | 900,00 | 1.800,00 |
| | | | MUVICLA | 900,00 | |
| 2024/CCP_01/000558 | APA de la agrupación escolar de Bretoña de Pastoriza | G27021849 | Daveiga | 855,00 | 2.208,75 |
| | | | G. Alejandro Salvatierra | 855,00 | |
| | | | Tropic Gaia | 498,75 | |

# DEPUTACIÓN DE LUGO

| Expediente | ANPA Beneficiaria | NIF | Visita / Obradoiro | Importe unitario subvención | Importe total subvención |
|---|---|---|---|---|---|
| 2024/CCP_01/000559 | Asociación padres de alumnos Vista Alegre de Cervo | G27030154 | A Carqueixa | 900,00 | 900,00 |
| 2024/CCP_01/000560 | APA del colegio de la Merced de Sarria | G27120039 | A Casa da Fonte | 900,00 | 900,00 |
| 2024/CCP_01/000561 | Asociación de padres de alumnos del colegio público Pedro Caselles Rollán | G27037787 | Champivil | 786,00 | 4.600,50 |
| 2024/CCP_01/000562 | | | Ana Pérez Boo | 802,50 | |
| 2024/CCP_01/000563 | | | Gandeiría Mantoño | 764,00 | |
| 2024/CCP_01/000564 | | | O Trobo | 742,00 | |
| 2024/CCP_01/000565 | | | Gandeiría Mantoño | 764,00 | |
| 2024/CCP_01/000566 | | | O Trobo | 742,00 | |
| 2024/CCP_01/000567 | ANPA CEIP San Miguel | G27226257 | El Pais del Abeyeiro | 900,00 | 2.700,00 |
| 2024/CCP_01/000568 | | | O Trobo | 900,00 | |
| 2024/CCP_01/000569 | | | Champivil | 900,00 | |
| 2024/CCP_01/000570 | ANPA do CEIP de San Clodio | G27458124 | Caurelor | 900,00 | 900,00 |
| 2024/CCP_01/000571 | ANPA CEIP San Miguel | G27226257 | Terras da Mariña | 900,00 | 2.700,00 |
| 2024/CCP_01/000572 | | | Traloagro | 900,00 | |
| 2024/CCP_01/000573 | | | Granxa Angus do Campo | 900,00 | |
| 2024/CCP_01/000575 | Asociación Padres de alumnos CEIP San Xoán Becerreá | G27303429 | Granxa Aeiroá | 900,00 | 2.700,00 |
| | | | Granxa Teixeiro e Pistón | 900,00 | |
| | | | Embutidos Suarna | 900,00 | |
| 2024/CCP_01/000574 | Asoc ANPA CEIP O Salvador | G27475532 | Gandería Quintián | 855,00 | 855,00 |
| 2024/CCP_01/000576 | Asociación de padres de alumnos del colegio público de Castroverde | G27022219 | Granxa Angus do Campo | 855,00 | 855,00 |
| 2024/CCP_01/000577 | APA CPI Dr. López Suárez de Friol | G27328483 | Champivil | 900,00 | 900,00 |
| 2024/CCP_01/000578 | Asociación de mais e pais CEIP de Oural-Sarria | G27384635 | Gandería Quintián | 900,00 | 3.600,00 |
| | | | Pazo de Vilane | 900,00 | |
| | | | Milhulloa | 900,00 | |
| | | | O Trobo | 900,00 | |
| 2024/CCP_01/000580 | Asociación de nais e pais de alumnos Virxe do Carme | G27390509 | A Casa da Fonte | 900,00 | 900,00 |
| 2024/CCP_01/000587 | APA de la escuela hogar Santa Rita de Galdo de Viveiro | G27019017 | Mantoño Holstein | 760,00 | 3.040,00 |
| 2024/CCP_01/000588 | | | Mantoño Holstein | 760,00 | |
| 2024/CCP_01/000589 | | | Ana Pérez Boo | 760,00 | |
| 2024/CCP_01/000590 | | | Ana Pérez Boo | 760,00 | |
| 2024/CCP_01/000591 | APA de los centros docentes de Fonsagrada | G27021682 | El Pais del Abeyeiro | 855,00 | 855,00 |
| 2024/CCP_01/000592 | APA colegio público de Meira | G27120500 | Arqueixal | 900,00 | 2.700,00 |
| | | | Arqueixal | 900,00 | |
| | | | Arqueixal | 900,00 | |
| 2024/CCP_01/000595 | APA del colegio público Rosalía de Castro de Mosteiro-Pol | G27239748 | Granxa Teixeiro e Pistón | 900,00 | 900,00 |
| 2024/CCP_01/000596 | APA del CP Antonio Insua Bermúdez | G27119833 | Terras da Mariña | 855,00 | 855,00 |
| 2024/CCP_01/000597 | Asociación de pais de alumnos o Cantel do colegio público EXB N 2 de Foz | G27211937 | Arqueixal | 890,50 | 5.314,00 |
| | | | Avicava Natur | 866,50 | |
| | | | As Vacas da Ulloa | 900,00 | |
| 2024/CCP_01/000598 | | | Arqueixal | 890,50 | |
| | | | Avicava Natur | 866,50 | |
| | | | As Vacas da Ulloa | 900,00 | |
| 2024/CCP_01/000599 | ANPA Martínez Otero | G72565344 | SAT Lodos e Pérez | 900,00 | 900,00 |
| 2024/CCP_01/000077 | APA del Colegio de los Franciscanos de Lugo | G27010172 | Airas Moniz | 900,00 | 3.600,00 |
| | | | SAT O Palomar | 900,00 | |
| | | | SAT O Palomar | 900,00 | |
| | | | Pazo de Vilane | 900,00 | |

| Expediente | ANPA Beneficiaria | NIF | Visita / Obradoiro | Importe unitario subvención | Importe total subvención |
|---|---|---|---|---|---|
| 2024/CCP_01/000123 | APA Colegio público de Nadela | G27135193 | Sen Máis, Vacas Ulloa | 900,00 | 2.700,00 |
| | | | Sen Máis, Vacas Ulloa | 900,00 | |
| | | | Sen Máis, Vacas Ulloa | 900,00 | |
| 2024/CCP_01/000353 | ANPA Abella do CEIP de Casás | G27414051 | SAT O Palomar | 900,00 | 1.658,50 |
| 2024/CCP_01/000355 | | | Traloagro | 758,50 | |
| TOTAL | | | | | 100.000,00 € |

V. Por outra banda, as solicitantes que non poden obter a condición de beneficiarias das subvencións son as interesadas dos expedientes que se relacionan a continuación:

| Expediente | ANPA Solicitante | NIF | Visita / Obradoiro | Motivo desestimación |
|---|---|---|---|---|
| 2024/CCP_01/000077 | APA del Colegio de los Franciscanos de Lugo | G27010172 | Tropic Gaia | 1 |
| | | | ADEGA | 1 |
| 2024/CCP_01/000446 | APA del colegio Milagrosa de Lugo | G27020791 | ADEGA | 1 |
| | | | ADEGA | 1 |
| 2024/CCP_01/000458 | Asociación de nais e pais de alumnos/as a Faxarda do CEIP Gregorio Sanz | G27011642 | ADEGA | 1 |
| 2024/CCP_01/000468 | ANPA Escola Educación Infantil de Vilalba | G27254101 | Champivil | 1, 3 |
| | | | ADEGA | 2, 3 |
| 2024/CCP_01/000575 | Asociación Padres de alumnos CEIP San Xoán Becerreá | G27303429 | Tropic Gaia | 1 |
| | | | ADEGA | 1 |
| 2024/CCP_01/000578 | Asociación de mais e pais CEIP de Oural-Sarria | G27384635 | Daveiga | 2 |
| 2024/CCP_01/000582 | ANPA EEI San Roque (en constitución) | G56465917 | O Trobo | 1, 3 |
| | | | ADEGA | 2, 3 |
| 2024/CCP_01/000585 | APA de la escuela hogar Santa Rita de Galdo de Viveiro | G27019017 | Tropic Gaia | 1 |
| 2024/CCP_01/000586 | | | ADEGA | 1 |
| 2024/CCP_01/000591 | APA de los centros docentes de Fonsagrada | G27021682 | ADEGA | 1 |
| 2024/CCP_01/000594 | Asociación nais e pais do EEI de Sarria | G27395961 | SAT O Palomar | 3 |
| | | | SAT O Palomar | 3 |
| 2024/CCP_01/000596 | APA del CP Antonio Insua Bermúdez | G27119833 | ADEGA | 1 |
| 2024/CCP_01/000602 | Asociación A Granda Colexio Público Muimenta-Cospeito | G27152529 | Tropic Gaia | 1 |
| 2024/PES_03/006945 | ANPA CEIP Eloísa Rivadulla | G27349141 | Airas Moniz | 4 |

Motivos de desestimación.
1. Esgotamento dispoñibilidade obradoiros (Base 8).
2. Esgotamento dispoñibilidade visitas por granxa (Base 8).
3. Centro de educación infantil (Base 5).


| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 82/96 |

4. Incumprimento Base 8 (solicitude presentada de forma presencial).

VI. Finalmente, as solicitudes que, cumprindo coas condicións establecidas nas Bases para adquirir a condición de beneficiarias, non foron estimadas por superarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, e que, polo tanto, pasan á listaxe de reserva para o suposto de que se libere crédito por producirse renuncias por parte de outras entidades beneficiarias de subvención, son as que se relacionan a continuación:

| Expediente | ANPA Solicitante | NIF | Visita | Data presentación solicitude | Data solicitude completa | Importe unitario subvención |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2024/CCP_01/000444 | ANPA CEIP Rosalía de Castro | G27126234 | Terras da Mariña | 25/03/2024 | 26/03/2024 | 900,00 |
| | | | SAT O Palomar | 25/03/2024 | 26/03/2024 | 900,00 |
| 2024/CCP_01/000446 | APA del colegio Milagrosa de Lugo | G27020791 | Milhulloa | 25/03/2024 | 27/03/2024 | 900,00 |
| | | | Caurelor | 25/03/2024 | 27/03/2024 | 900,00 |
| 2024/CCP_01/000533 | APA Colegio Nacional Mixto Las Mercedes | G27130301 | Terras da Mariña | 04/04/20204 | 10/04/2024 | 872,10 |
| | | | SAT Lodos e Pérez | 04/04/2024 | 10/04/2024 | 788,50 |
| | | | Daveiga | 04/04/2024 | 10/04/2024 | 872,10 |
| | | | Casa Bértolo | 04/04/2024 | 10/04/2024 | 788,50 |
| | | | A Casa da Fonte | 04/04/2024 | 10/04/2024 | 872,10 |
| | | | Arqueixal | 04/04/2024 | 10/04/2024 | 895,85 |
| 2024/CCP_01/000603 | Asociación de nais e pais de alumnos Anexa 2007 | G27370105 | A Carqueixa | 09/04/2024 | 11/04/2024 | 900,00 |
| 2024/CCP_01/000584 | ANPA del colegio público Isla Verde de Lugo | G27043033 | Arqueixal | 09/04/2024 | 21/04/2024 | 855,00 |
| | | | Daveiga | 09/04/2024 | 21/04/2024 | 855,00 |
| 2024/CCP_01/000583 | APA del Colegio de la compañía de María de Lugo | G27130111 | Mantoño Holstein | 09/04/2024 | 28/04/2024 | 900,00 |

Por todo canto vai exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

**1º.-** Ditar resolución provisional de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa "Da escola á granxa", na anualidade 2024, en favor das beneficiarias e nas contías que se relacionan no apartado IV desta Proposta, de acordo aos criterios de determinación do importe das subvencións referidos na Base 6 da convocatoria.

**2º.-** Ditar resolución provisional de desestimación das solicitudes que se relacionan no apartado V desta Proposta.

**3º.-** Ditar resolución provisional de listaxe de reserva das solicitudes que se relacionan no apartado VI desta Proposta, aos efectos previstos na Base 16.

**4º.-** Outorgar a este Acordo provisional o carácter de definitivo, no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, e que será publicado no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**5º.-** Notificar este Acordo provisional ás interesadas, por medio da súa publicación nos medios citados no apartado anterior, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación no BOP, para presentar alegacións."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA MÓVETE, 2024.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

"Visto o informe do servizo de Cultura onde se dí- entre outras cousas que: "(...)A Cultura, nas súas diversas manifestacións é considerada unha actividade de especial interese público e social, en cuxa conservación, protección, defensa e promoción están concernidos todos os poderes públicos.

Dentro da Constitución Española de 1978, no seu Preámbulo, proclámase a vontade de protexer aos pobos de España no exercicio das súas culturas, tradicións, linguas e institucións e de promover o progreso da cultura para asegurar unha calidade de vida digna.

De igual xeito, no artigo 3.3, da C.E. sinálase que a riqueza das distintas modalidades lingüísticas é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Os artigos 9.2, 44.1, 46 e 48 da Carta Magna conteñen mandatos dirixidos aos poderes públicos para facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social; promover e tutelar o acceso á cultura á que todos teñen dereito; garantir a conservación e promoción do enriquecemento do patrimonio

histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade, ademais de sinalar que lle corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude co obxecto de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

Polo que se refire ao réxime de distribución das competencias, dentro da organización Territorial do Estado, o artigo 148.1 da CE recoñece o dereito das comunidades autónomas para asumir competencias en materia de patrimonio monumental do seu interese e tamén en materia de fomento da cultura. Así, o artigo 149.2 da CE aclara que, sen prexuízo das competencias que poidan asumir as Comunidades Autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial.

En coherencia co anteriormente sinalado, Galicia, no artigo 27.18 do seu Estatuto de Autonomía, asumiu a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma e que non sexan de titularidade estatal; conservatorios de música e servizos de belas artes de interese para a Comunidade Autónoma. De feito, de conformidade co disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma a defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego, en consonancia co establecido no propio preámbulo da Constitución Española onde se proclama a vontade de protexer aos pobos de España no exercicio das súas culturas, tradicións, linguas e institucións, e promover o progreso da cultura para asegurar unha digna calidade de vida.

Asemade, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Ao amparo do marco constitucional e estatutario (artigos 27.18 e 32) e, dentro da lexislación sectorial, a Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia sinala que é o seu obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, de xeito que serva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.

É xustamente a idea de valor a que determina a definición legal de ben cultural. O valor como contido de resonancia, non só emocional ou sentimental, senón directamente vinculado ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro, sobre a base material e inmaterial do que xa é e no horizonte do que quere ser no campo da civilización, entendida como concerto das culturas e tradicións. O estudo, a protección, a conservación, o acrecentamento, a difusión e o fomento do patrimonio cultural son pedra angular do exercicio da dignidade colectiva e, por tanto, plásmanse como o primeiro mandato legal, que non debe ser visto como limitación restritiva, senón como participación de toda a sociedade no coidado do que ela mesma creou e ao que ela mesma perténcelle. O patrimonio cultural concíbese, pois, como fundamento de cohesión social e desenvolvemento sustentable. Neste sentido, a ponderación e integración da protección do patrimonio nas demais políticas sectoriais e a aposta pola colaboración interadministrativa e a participación cidadá están presentes ao longo de todo o articulado, a través dos principios xerais, dos dereitos e obrigacións da cidadanía, da información pública, do acceso aos bens máis destacados e do recoñecemento da libre iniciativa. Dentro deste espírito, inspira a lei o principio de subsidiariedade, que consagra técnicas descentralizadoras mediante a habilitación dos concellos nas tarefas de control preventivo en diversos ámbitos e esferas, que atopan o seu fundamento na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Isto permite achegar a Administración á cidadanía mediante o empoderamento dos entes máis próximos a esta. A tradicional centralización da xestión pública do patrimonio non contribúe ao sentimento de proximidade e identificación da cidadanía co legado cultural, que dalgunha maneira perténcelle como expresión da identidade colectiva na que se insere.

A Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia sinala no seu articulado (artigos 1, 2, 3, 8 e 9) que o seu obxecto é a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia de forma que sirva á ciudadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostenible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións vindeiras; que o patrimonio cultural de Galicia está

constituido polos bens mobles, inmobles, as manifestacións inmateriales que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo. De igual xeito, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorra algún dos valores sinalados.

Máis polo miúdo, no artigo 3.2.a, sinalase que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural, considerando no artigo 9.3 que a estes efectos tamén se consideran bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e, nalgúns casos os individuos reconozcan como parte integrante do seu patrimonio cultural, en particular:

A lingua, as tradicións e expresións orais, as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, as representacións, os xogos, os usos sociais, rituais, ceremonias e actos festivos, entre outros.

Con base en todo o sinalado, o servizo de Cultura da Deputación de Lugo pretende poñer en marcha o Programa Móvete, 2024 co que se pretende complementar a programación propia en aberto xa aprobada na anualidade 2024.

Móvete, 2024 é unha iniciativa cultural, de carácter itinerante e integradora dentro do ámbito territorial provincial que pretende xerar sinerxias para o desenvolvemento económico, para a promoción da industria cultural, e para fomentar a integración e o benestar social ao permitir o acceso ás manifestacións culturais por parte da cidadanía, a través dunha descentralización das actividades de lecer.

Con este novo Programa Móvete 2024, o servizo de Cultura pretende cubrir- con programación propia en pechado- un amplo abano de actividades culturais que lle permitan ter presenza en eventos e celebracións de especial significado para o mundo cultural galego e, dentro do ámbito territorial provincial.

A necesidade das actividades a materializar virá determinada por todas aquelas manifestacións da industrial cultural que mellor se acomoden á materialización do Plan de programación cultural propio deseñado polo Servizo de Cultura da


| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 87/96 |

Deputación de Lugo, a través do deseño dunha ampla programación en aberto e tamén en pechado.

Dentro deste Programa Móvete, 2024 poderán formar parte calquera manifestación de programación propia en pechado, organizada polo Servizo de Cultura e, cuxo obxecto sexa o apoio a lingua, as tradicións, as expresións orais, as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, as representacións, os xogos, os usos sociais, os rituais, os ceremoniais e demáis actos festivos, así como calquera outra manifestación do legado material e inmaterial galego que permita protexer, valorizar, fomentar, conservar e transmitir a idiosincrasia da identidade cultural do pobo galego, calquera que sexa o seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, etnográfico, antropolóxico, industrial, científico, técnico, documental ou bibliográfico.

A oferta cultural deste Programa Móvete, 2024 estará integrada por actividades de natureza cultural e artística que permitan complementar a programación cultural propia en aberto que xa se está implementando na anualidade 2024 coa finalidade de que, de acordo coa Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia se protexa, se conserve, se difunda e se fomente o patrimonio cultural como unha ferramenta de interrelación social coa función de nexo de transmisión -ás xeracións futuras- de valores fundamentais na educación: igualdade, diversidade ou sensibilizar a realidade dos diferentes colectivos sociais, etc...

Neste Programa Móvete, 2024, a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) asumirá o 100% do caché de cada actividade e, o período de execución do mesmo será dende a súa aprobación e ata o 31 de decembro de 2024.

Estas actividades propias de carácter pechado poderán realizarse en espazos interiores ou exteriores dentro do ámbito xeográfico lucense, sendo os obxectivos a acadar- entre outros- os seguintes:

Incentivar a produción e o consumo cultural
Apoiar e dar visibilidade as actividades e iniciativas culturais que protexan, difundan e conserven o patrimonio cultural de Galicia.
Servir como instrumento para o fomento da sociedade do benestar nunha provincia de forte atomización demográfica e de poboamento diseminado, achegando o coñecemento da cultura tradicional a toda a veciñanza da provincia.
Facer destas manifestacións un estímulo para a integración, a conservación, a promoción e difusión do patrimonio cultural galego, así como da súa lingua.

Remover os obstáculos que dificultan a chegada de programación cultural ao medio rural da provincia.
Contribuír ao desenvolvemento económico, social e cultural preservando a tradición, promovendo a participación, a integración social e a reactivización da actividade económica cultural.
Promover a participación e a integración social a través da descentralización das manifestacións culturais propias.
Complementar a programación cultural e artística a que ten acceso a veciñanza, dentro do ámbito territorial e de actuación da Deputación de Lugo (a provincia de Lugo): democracia cultural e descentralización das actividades lúdico-culturais.

De igual xeito, esta programación pechada e integrada no Plan Cultural do servizo de Cultura materializarase – en cada caso- de acordo co procedemento legalmente establecido e segundo corresponda. O orzamento total para a súa implementación e posta en marcha será de 89.100,00 euros, desglosados do seguinte xeito:

| |
|---|
| Para o pago das actividades a materializar dentro deste Programa Móvete, 2024: 81.000,00 € |
| Pago de dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor): 8.100,00 € |

* Na distribución das actuacións, o Servizo de Cultura prestará especial fincapé á creación e ao impulso de sinerxias entre concellos veciños; á difusión das programacións deste Programa a todos os recunchos da xeografía provincial, á distribución o máis equilibrada posible en atención aos núcleos de poboación, a distribución da poboación e ás potenciais necesidades e demandas do colectivo demográfico lucense.

Con este tipo de iniciativas de programación propia, o servizo de Cultura aposta pola necesidade de innovar, incrementar o movemento económico das industrias culturais, fomentar a protección e conservación do patrimonio cultural, así como polo fomento da actividade social como mecanismo de integración e de benestar social para a nosa poboación, atendendo sempre ás necesidades detectadas e no territorio provincial.

As obrigas/ compromisos das partes:

1.- Consideracións a ter en conta para as contratacións deste Programa Móvete, 2024.
a) Presentar documentación acreditativa de estar dados de alta no IAE, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver.
b) Responsabilizarse do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria (se fose o caso) vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de

actividades ata o mesmo momento da finalización da actividade, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.
c) Realizar as actuacións nos lugares, días e horas establecidos pola Deputación de Lugo (Servizo de Cultura).
d) A de lle expediren á Deputación a/as factura/as correspondentes ao 100% do custe das actividades culturais contratadas e, sempre que se acredite a realización satisfactoria das mesmas.
e) As actuacións materializadas serán en galego, sendo tamén ésta a lingua empregada na publicidade que se faga das mesmas. Así mesmo, na difusión das actuacións, calquera que sexa o medio, terá que indicarse – obrigatoriamente- que éstas actividades forman parte do Programa Móvete, 2024 organizado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo – Servizo de Cultura-.
f) As persoas físicas e/ou xurídicas contratadas terán que contar cos seguros pertinentes para a realización das actuacións. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, do cumprimento dos protocolos de seguridade – de acordo coa normativa vixente-para a realización deste tipo de actividades e tamén de aquelas outras derivadas das situacións que se poidan producir non só durante os ensaios (se fose o caso), a propia actuación, senón tamén durante o desprazamento -previo e posterior ás actuacións-.
g) Non poderán participar neste Programa Móvete, 2024 os grupos onde todos os seus integrantes sexan menores de idade. Cando nos grupos participantes neste Programa existisen membros integrantes menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo contratado, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro deste Programa.
h) Aboar – se fose o caso- os gastos a terceiros que a súa actuación poida xerar (transporte, seguros, equipos para a actuación e material, gastos de persoal, impostos, seguridade social, e calquera outro gasto que puidera derivarse).
i) Declarar que son coñecedores de que esta programación puidera- en ocasións- estar suxeita ao pago de tarifas de dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor), ben a entidades de xestión de dereitos da propiedade intelectual autorizadas polo Ministerio de Cultura, ou ben a outras entidades; datos dos que teremos que informar correctamente á Unidade xestora do Programa.
k) Para o caso de actuacións/ traballo habitual con menores é obrigatorio a presentación dun Certificado de Delitos de Natureza Sexual de acordo co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuizamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.
m) Presentar un historial da persoa física e/ ou xurídica a contratar e unha memoria detallada da actividade cultural/ ou actividades culturais, se fose o caso.

2.- Consideracións a ter en conta por parte da Deputación de Lugo (servizo de Cultura).
a) Aboar o 100% do caché das actividades do Programa Móvete, 2024 e, sempre que se acredite a realización da actividade de forma satisfactoria.
b) Solucionar canto inconvinte puidera xurdir para o desenvolvemento do programa.
c) Decidir e distribuír o cronograma espacial e temporal das actividades derivadas deste Programa Móvete, 2024.
d) Cantas outras situacións se deriven do contido estrito deste Programa.
e) Para resolver calquera dúbida ou imprevisto, deberá poñerse en contacto co Servizo de Cultura, por calquera destes medios de comunicación:
Teléfono contacto: 982- 260256
E-mail de contacto: cruz.culturaedeporte@deputacionlugo.org (…)".

Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver o Programa Móvete, 2024.

Resultando que, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Por todo o dito, a Deputada delegada de Cultura propón– se procede- que pola Xunta de Goberno- se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o Programa Móvete 2024, por importe de 89.100,00 €, desglosados do seguinte xeito:

Para asumir o caché das actividades/actuacións do Programa: 81.000,00 €.
Para asumir o pago -se fose o caso- dos dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor): 8.100,00 €."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 91/96 |

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA EXTINCIÓN DO CONTRATO LABORAL TEMPORAL SUBSCRITO CUN PEÓN DE REPARACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS, POR DECLARACIÓN DE INCAPACIDADE PERMANENTE NO GRAO DE GRAN INVALIDEZ.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que Don José María Llousas Díaz, Peón Reparación Vías Provinciais con contrato de Duración Determinada, modalidade: Interinidade, adscrito ao Parque Móbil Provincial viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose de baixa por Incapacidade Temporal.

Que por Resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS de data 25 de abril de 2024, foille recoñecida a Don José María Llousas Díaz a pensión de Incapacidade Permanente no Grao de Gran Invalidez, con efectos económicos do día 5 de marzo de 2024.

Vistas as consideracións legais e técnicas que se formulan no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, de data 13 de maio de 2024, do seguinte teor:

"O artigo 194 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece os distintos graos de invalidez, e que, a falta doutra regulación, enténdese por Gran Invalidez "á situación do traballador afecto a Incapacidade Permanente e que, por consecuencia de pérdidas anatómicas o funcionais, necesite a asistencia doutra persoa para os actos máis esenciais da vida, como vestirse, desplazarse, comer ou análogos".
A comunicación do Instituto Nacional da Seguridade Social establece literalmente que:
"O Instituto Nacional da Seguridade Social informa que, con data 25-04-2024, resolveu recoñecer unha incapacidade permanente no grao de gran invalidez a D. José María Llousas Díaz, con NAF 27-00447896-62, traballador da súa empresa.
Informase que a prestación de Incapacidade Permanente ten data de efectos económicos 05-03-2024.
Non se prevé que a situación de incapacidade vaia a ser obxecto de revisión por mellоría, que permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos."
Considerando que o artigo 49.1.e) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores

(en adiante, ET), establece que o contrato de traballo extinguirase, entre outras causas, por "(...) Gran Invalidez ou incapacidade permanente total ou absoluta do traballador sen prexuízo do disposto no artigo 48.2".
A este respecto, o artigo 48.2 do ET dispón: "No suposto de incapacidade temporal, producida a extinción desta situación con declaración de incapacidade permanente nos graos de incapacidade permanente total para a profesión habitual, absoluta para todo traballo ou grande invalidez, cando, a xuízo do órgano de cualificación, a situación de incapacidade do traballador vaia ser previsiblemente obxecto de revisión por melloría que permita a súa reincorporación ao posto de traballo, subsistirá a suspensión da relación laboral, con reserva do posto de traballo, durante un período de dous anos a contar desde a data da resolución pola que se declare a incapacidade permanente."
Segundo o disposto no artigo 48.2 e dado que a Dirección Provincial de Lugo do INSS (órgano de cualificación da incapacidade) non se prevé que a situación de incapacidade vaia a ser obxecto de revisión por melloría, que permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos, enténdese que procede a extinción da relación laboral, sen reserva de posto de traballo".

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a extinción da relación contractual desta Entidade con Don José María Llousas Díaz, dende o día 5 de marzo de 2024, data na que lle foi recoñecida a situación de incapacidade permanente no grado de gran invalidez, sendo o derradeiro día de traballo o día 4 de marzo de 2024."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA EXCEDENCIA POR COIDADO DE FILLO, DUNHA ADMINISTRATIVA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, FUNCIONARIA INTERINA.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:


| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 93/96 |

“Visto que Dona Almudena Sandá Vigo, Administrativa de Administración Xeral, funcionaria interina, suposto artigo 10.1.a) do EBEP “Existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira”, adscrita ao Servizo de Xestión, Recadación e Inspeccións Tributarias, en escrito de data 26 de abril de 2024, rexistrado o mesmo día, co número 8578, solicita a excedencia por coidado de fillo, con efectos do día 20 de maio de 2024 e que en escrito posterior, de data 10 de maio de 2024, modifica a data de excedencia, sendo a nova data de excedencia o día 22 de maio de 2024.

Tendo en conta que por Acordo da Xunta de Goberno de data 24 de febreiro de 2023 e efectividade do día 2 de marzo de 2023, foille concedida Excedencia por coidado de fillo, con efectos económicos e administrativos do día 2 de marzo de 2023 e que por Resolución da Presidencia de data 13 de xullo de 2023, a solicitude da interesada, autorizouse a súa reincorporación de Excedencia por Coidado de Fillo, con efectividade do día 17 de xullo de 2023.

Considerando o establecido na normativa de aplicación:
Artigo 140 do Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das dispocións legais vixentes en materia de réxime local, que nos seus apartados 1 e 2 establece:
“1.- As situación nas que poden atoparse os funcionarios de carreira da Administración Local serán as seguintes:
(...)
c) Excedencia forzosa ou voluntaria
(...)
2.- Ditas situación regularanse pola normativa básica estatal e pola lexislación de función pública da respectiva Comunidade Autónoma e, supletoriamente, pola lexislación dos funcionarios da Administración do Estado, téndose en conta as peculiaridades do réxime local”.

Artigo 89.4 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
“ Os funcionarios de carreira tedrán dereito a un período de excedencia de duración non superior a tres anos para atender ao coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por naturaleza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, a contar dende a data de nacemento o, no seu caso, da resolución xudicial ou administrativa.
(...)O período de excedencia será único para cada suxeito causante.
(...).


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 94/96 |

O tempo de permanencia nesta situación será computable a efectos de trienios, carreira e dereitos no réxime de Seguridade Social que sexa de aplicación. O posto de traballo desempeñado reservarase, ao menos, durante dous anos. Transcurrido este período, a devandita reserva serao a un posto da mesma localidade e de igual retribución.
Os funcionarios nesta situación poderán participar nos cursos de formación que convoque a Administración."

Artigo 176 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, que di textualmente:
"1.- O persoal funcionario de carreira ten dereito a un período de excedencia por coidado de familiares de duración non superior a tres anos, sen que sexa exixible o requisito de ter prestado un tempo mínimo de servizos previos, nos seguintes casos:
a) Para atender ao coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, contando dende a data de nacemento ou, de ser o caso, da efectividade da resolución xudicial administrativa.
b) Para atender ao coidado dun familiar que se atope ao seu cargo, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade, cando, por razón de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade, non poida valerse por sí mesmo, e non desempeñe actividade retribuída.
2.- Pódese facer uso de forma fraccionada do período de excedencia regulado neste artigo.
3.- O período de excedencia será único por cada suxeito causante. Cando un novo suxeito causante desa orixe a unha nova excedencia, o inicio do período desta poñerá fin, de ser o caso, ao que se viñese gozando.
4.- No caso de que dúas persoas xeren o dereito á excedencia regulada neste artigo polo mesmo suxeito causante, a Administración poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razón xustificadas relacionadas co funcionamento dos servizos.
5.- Durante o período de excedencia, o desempeño de actividades retribuídas está suxeito a autorización previa consonte ás regras establecidas na normativa sobre incompatibilidades.
6.- O tempo de permanencia na situación regulada neste artigo compútase para os efectos de trienios, carreira e dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa aplicable, e reservarase o posto de traballo que se ocupe con carácter definitivo. Se se ocupara un posto de traballo con carácter provisional, a reserva manterase mentres o posto non se cubra polos procedementos previstos nesta lei.
7.- O persoal funcionario que se encontré na situación regulada neste artigo pode participar nos cursos de formación que convoque a Administración.


| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 95/96 |

8.- O persoal funcionario interino ten dereito á excedencia regulada neste artigo, ben que a reserva do posto de traballo se manterá únicamente mentres non concorra ninguna das causas de cesamento previstas para esta clase de persoal nesta lei.
9.- No caso de desfrute de esta excedencia polo período máximo de duración, o reingreso ao servizo activo solicitarase cun prazo de antelación dun mes respecto da data de finalización do período máximo legalmente establecido para esta excedencia".

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar en situación administrativa de excedencia por coidado de fillo a Dona Almudena Sandá Vigo, con efectos económicos e administrativos do día 22 de maio de 2024 e como máximo ata o 2 de agosto de 2025, data na que, Adrián Iglesias Sandá, fillo da solicitante, nado o día 2 de agosto de 2022, cumple 3 anos de idade e tendo en conta que a duración da excedencia non pode ser superior aos tres anos.
O tempo de permanencia nesta situación será computable a efectos de trienios, carreira e dereitos no Réxime de Seguridade Social que sexa de aplicación, reservándose o posto de traballo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Fecha y Hora | 24/05/2024 13:01:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHC5MER3JWU2RVEWOXY6EI | Página | 96/96 |